

A Irmandade da Fala de Betanzos 1917-1930

XESÚS TORRES REGUEIRO*

I. INTRODUCCION

O movemento das irmandades da fala

No devalar histórico do galeguismo, entendido como movemento de reivindicación do feito diferencial de Galicia en todos os seus aspectos, as Irmandades da Fala van significar un fito moi importante na defensa desa reivindicación a través da lingua, da cultura e da política, marcando o paso dunha fase anterior rexionalista á nacionalista propiamente dita. De feito, as Irmandades aportan unha nova definición ideolóxica e con elas establécese un antes e un despois na concepción de Galicia como comunidade diferenciada á procura dos seus dereitos nacionais.

En 1916 o xornalista Antón Villar Ponte, un viveirense afincado na Coruña despois duns anos en Cuba, recollía unha invitación lanzada dende Madrid pola revista *Estudios Gallegos*, fundada o ano anterior polo escritor galego Aurelio Ribalta. Solicitaba esta publicación unha urxente campaña a prol da recuperación do idioma galego e dos valores propios do noso país, tarefa á que convidaba aos intelectuais e escritores galegos. Despois de varios artigos en apoio desta iniciativa, Antón Villar Ponte publica o folleto *Nacionalismo Gallego. Nuestra Afirmación Regional*, escrito en castelán "por razones de propáganda", no que o xornalista expoñía as súas arelas verbo da dignificación da lingua galega e da personalidade propia do país. O folleto, asinado a 21 de Marzo de 1916, ía dedicado ao "maestro" Aurelio Ribalta e a outros catro compatriotas considerados polo autor como galegos exemplares: Rodrigo Sanz, Manuel Lugo, Antonio Valcárcel e Constantino Horta.

Coidaba Villar Ponte que o galego remataría por impoñerse en Galicia, tarde ou cedo,



Fig. 1.- Portada do libro *Nuestra afirmación regional*.

entre a clase media -a burguesía- "si logramos conquistar para nuestra causa núcleos de personas cultas o menos cultas, pero entusiastas, que se sientan psicológica y biológicamente". Para iso era fundamental a actitude das minorías cultas: "Defendamos el gallego los que somos para el vulgo, para la masa, intelectuales y elementos directores con justo derecho, y lo demás, valga la frase, se nos dará casi por añadidura". Nese movemento integrador -característica do galeguismo- chamábase a colaborar a todos ao marxe de ideoloxías ou planteamentos políticos: "No se trata ahora de

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos séculos XIX e XX.

cuestiones ideolóxicas capaces de polarizarse en banderías odiosas generadoras de estériles apasionamentos. Se trata de una obra común a todos los buenos gallegos; de una obra de amor, grande y trascendente, en la cual pueden y deben colaborar lo mismo los hombres de la izquierda que los de la derecha y del centro, pero especialmente los federales y los tradicionalistas". E estes pola súa posición teoricamente máis favorable á descentralización do Estado e á defensa das peculiaridades nacionais ou rexionais.

O folleto esgotouse axiña contribuíndo a erguer un estado de opinión e á toma de conciencia por parte de minorías cultas da necesidade dun movemento rexenerador da lingua e da personalidade de Galicia. Na súa segunda edición -mellorada a súa presentación nesta nova tirada "que almas xenerosas e amantes da nosa terra protexen e sufragan con cartos do seu peto"-, o autor xa incorpora algunhas opinións favorables emitidas nos xornais e por destacadas figuras galegas do momento. Ademais, dase conta nela da constitución da primeira "Hirmandade dos Amigos da Fala" na cidade da Coruña. A teoría e as formulacións deixaban paso á praxe. O movemento iniciaba o seu camiño.

A Coruña foi o berce

O 18 de Maio de 1916, Villar Ponte convoca a un grupo de persoas do mundo cultural e artístico da Coruña no local da Academia Galega, na rúa Rego de Auga. Desta xuntanza safu constituída a primeira Irmandade da Fala, xerando un movemento que había ter fonda repercusión social, cultural e política na historia galega deste século. Asistiron a esta reunión fundacional pouco máis de dúas ducias de persoas, entre as que se contaban vellos membros do movemento rexionalista e da tertulia da "Cova Céltica", membros e fundadores da Academia Galega: Florencio Vaamonde, Tettamancy, Uxío Carré, César Vaamonde, Baldomir, Alexandre Barreiro, Oviedo Arce... Abríu o acto Luguís Freire, un dos cinco a quen Antón Villar dedicara o seu opúsculo calificándoo de "encendido verbo del galleguismo, voluntad en acción y en pasión". Deuse lectura a continuación a uns estatutos

provisorios que foron discutidos e aprobados. Por último, procedeuse a eleixir un Consello directivo, presidido polo propio Antón Villar e vicepresidido por Antón Valcárcel, tamén "periodista de sólida cultura, que a diario rompe lanzas por nuestro idioma". Os irmáns da fala comprometíanse a empregar o galego, incluso na correspondencia coas súas amistades. Falouse xa da maneira de federar os grupos similares que surxiran por Galicia adiante e da publicación dun manifesto. Non podía faltar, e menos nun grupo no que había varios xornalistas profesionais, un rogo a tódolos xornais do país para que abrisen as súas páxinas, coa maior frecuencia posible, a traballos no idioma galego, en verso e prosa. Nacía, pois, a primeira "Hirmandade d'os Amigos da Fala Galega", cun regulamento provisional e o obxectivo primordial da defensa do idioma galego.

Doutros puntos de Galicia chegan múltiples adhesións e escasos días despois terá lugar en Compostela a creación da Irmandade de Santiago, presidida polo vello rexionalista e prestixioso profesor da Universidade Salvador Cabeza de León -quen nacera en Betanzos no ano 1864- e animada polo médico Xil Casares, o mestre e poeta Victoriano Taibo e o tamén profesor da Universidade Lois Porteiro Garea. Nese acto inaugural, Porteiro pronuncia un sonado discurso que axiña terá repercusións no incipiente movemento, ao sobardar a tímida liña marcada no acto da Coruña. Sen rexeitar o obxectivo idiomático, Porteiro propón outro máis amplo, concretado na defensa da personalidade de Galicia e da súa recuperación económica, social, política e cultural. Refírese Porteiro ao subdesenvolvemento de Galicia, consecuencia da falla de inversión no país do capital galego e do xerado polos emigrantes, da falla dunhas comunicacións axeitadas e en concreto do ferrocarril, e dos aranceis proteccionistas que coutan o desenvolvemento industrial e económico de Galicia en beneficio doutras zonas de España. En poucos días as Irmandades adoptaban xa un planteamento de trasfondo nidiamente político que, no dicir de Barreiro Fernández, "levaba en sí mesmo a semente dun partido político" (1).

(1) Barreiro Fernández, X.R.- "Historia de Galicia. IV. idade contemporánea". Edt Galaxia, Vigo 1981. páx. 346.

Organización interna

Pasenifamente vanse ir constituíndo Irmandades da Fala nas cidades e vilas máis importantes de Galicia: no mesmo 1916, en Monforte, Ourense, Pontevedra e Vilalba; no 1917, en Ferrol, Vigo, Mondoñedo, Melide, Baralla e... Betanzos. Novos núcleos seguen a organizarse ata un total de 28 que documentou Beramendi (2), aínda que ben desemeillantes en significación e importancia, tanto en número de socios como en actividade e estabilidade: fronte a un pequeno grupo delas estable que vai manter unha organización máis ou menos continuada, hai outras que ou ben desaparecen ou pasan por sucesivas reorganizacións, ou ben están directamente vencelladas á presenza dalgún persoeiro nunha localidade determinada. Ademáis existen grupos galeguistas vencellados ás Irmandades que se van ir organizando en Madrid, no 1919 e en Buenos Aires e La Habana no 1921. En canto a afiliación existen poucos datos tanto globais como particulares. Risco calculaba de xeito aproximado en 1922, nunha carta a J.V. Viqueira (3), que as Irmandades contarían en toda Galicia cuns 500 asociados, dos que 300 corresponderían á Irmandade da Coruña e o resto repartiríanse entre as outras Irmandades. A proporción, xa que logo, é moi desequilibrada, cun aplastante predominio do grupo coruñés sobre todos os outros. Deses trescentos asociados da Irmandade coruñesa, uns cen serían as mulleres que formaban a sección feminina.

As Irmandades tiñan por obxecto, tal como din no seu regulamento aprobado en 1918, "o engrandecemento da nosa terra en todol-os ordes" e "traballará de cote pra conquistar unha ampla autonomía pra Galicia". Ademáis, "por ser a fala o elemento que mais distingue ós pobos e mais fixa seu caraieter, e pol-o tanto, neste caso, o millor prá formación d'un común espíritu galeguista" fomentaría por todos os medios o uso da lingua galega, "por iso chámase Irmandade da Fala: por ser o da Fala o primeiro problema que presentanos a realidade". Tamén traballarían pola solución daqueles




Fig. 2.- Antón Villar Ponte, caricatura de Cebreiro en *Rexurdimento*.

problemas que contribuiran ao progreso de Galicia, prestando atención aos aspectos científicos, literarios, artísticos, económicos, xurídicos e sociais, e "sendo a custión agraria a mais intresante" atenderá á organización dos labregos, sen esquecer a acción política, por ser "a política o goberno do pobo, e dependendo do bon goberno o seu progreso". Para o cumprimento deses obxectivos cada Irmandade contaría con catro seccións: Cultura e Fala, de Economía e Estudos sociais, Agraria e Política.

Os socios ou "irmáns" podían ser todos os galegos -homes e mulleres- maiores de deza-seis anos e os que sen ser galegos de nacemento "o sexan de corazón". O seu ingreso tiña que ser aprobado en votación secreta pola Directiva. Aqueles que residiran onde non houberse Irmandade poderían inscribirse na máis próxima ao seu domicilio. A cota social era voluntaria e non menor de 1 peseta ao mes. Contemplábase ademáis -mostra do rupturismo

(2) Beramendi, J.G.- Voz "Irmandades", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t.18. Deste autor -a quen seguimos en todo o referente ás Irmandades da Fala por parecernos os seus os mellores estudos sobre o tema- consultamos tamén a súa obra "Vicente Risco e o nacionalismo galego", 2 vol., Ed.do Cerne, Santiago, 1981.

(3) Publicada en "A Historia" de R. Villares, páx. 260 e ss. Edt Galaxia, Vigo, 1984. Antes fora publicada por Beramendi e por Casares, sempre incompleta.

que podía supor ou do medo que tiñan moitos a significarse como irmáns da fala- unha militancia secreta para aqueles simpatizantes que "estean ou non imposibilitados pra autuaren publicamente", se ben este extremo non o recollía o regulamento (4). As mulleres poderían formar unha sección feminina dentro da Irmandade ou ben, onde non houbera Irmandade crear unha.

Cada Irmandade gobernábase por unha Xunta Directiva de doce membros: Conselleiro Primeiro ou Presidente, Conselleiro Segundo, Secretario, Vice-secretario, Tesoureiro, Contador, Bibliotecario e cinco Vocais. Renovábase anualmente na Xunta Xeral de socios, a quen tiña de presentar unha memoria da xestión, e realizaba xuntas ordinarias semanais, independentemente do número de membros presentes, e extraordinarias, para as que se requería a presenza da maioría da Directiva.

Todas as Irmandades de Galicia federadas rexíanse por un Directorio, que fixaba as orientacións xerais, e estaba constituído polos Conselleiros Primeiros ou Presidentes de cada unha e un Comité Executivo, no que tiña preponderancia o grupo coruñés por estar constituído por membros residentes naquela cidade.

As Irmandades configuran neste momento unha organización de talante democrático e estrutura federal na súa forma, que pretende actuar no campo electoral e servir de plataforma política a unhas clases medias urbanas e vilegas, así como introducirse no agro a través da propaganda entre as organizacións campeñas.

O boletín A Nosa Terra

O 14 de novembro de 1916 saía na Coruña o primeiro número de *A Nosa Terra*, "Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal". As Irmandades recuperaban para o seu órgano unha cabeceira que, case dez anos antes, aparecera tamén na Coruña vencellada ao move-

mento agrario rexionalista "Solidaridad Gallega", no que xa participaran algúns persoeiros agora integrados nas Irmandades. Aquela primeira *A Nosa Terra* fora unha publicación anticaciquil, centrada no agrarismo e bilingüe na expresión. A nova *A Nosa Terra* (en adiante escribiremos *ANT*) será xa totalmente unilingüe -ata a publicidade será en galego- e definirase como nacionalista. Sendo a lingua en todas as súas manifestacións o seu eixo vital de actuación, a publicación terá como obxectivos principais a loita contra o atraso económico do país e o sistema político imperante -ao que califica de "caciquismo parlamentario"-, o despertar da conciencia de cidadanía e de comunidade e o espallamento do galeguismo a todos os sectores sociais.

ANT será de primeiras un boletín decenal, pasando logo a quincenal e, durante a Dictadura de Primo de Rivera, a mensual. Dende a súa fundación e ata 1922, en que se produce a escisión do nacionalismo, será órgano de todas as Irmandades -aínda que en todo momento contralado pola da Coruña-, dirixido por Antón Villar Ponte, ficando logo como órgano da Irmandade coruñesa. A partir da fundación do Partido Galeguista, pasará en 1932 a ser boletín deste partido, interrumpíndose forzosamente a súa publicación xusto a víspera da sublevación militar de Xullo de 1936. Nos anos posteriores á guerra civil, os galeguistas exiliados na Arxentina mantiveron a súa publicación esporádica ao longo de case trinta anos (5).

Xa que logo, *ANT* da etapa das Irmandades da Fala constitúe unha fonte de primeira man -confrontada con outras- para abordar o estudo deste movemento.

O grupo "Nós"

Rematando o ano 1917 vaise producir o ingreso nas Irmandades dun grupo de intelectuais ourensáns que pouco despois terá fonda repercusión no nacionalismo e na cultura galega. Trátase de Vicente Risco e os seus amigos Ramón Otero Pedrayo, Florentino López

(4) *ANT*, nº 116, 31-III-1920. "Liñas de intrés. O censo dos bós e xenerosos".

(5) Ledo Andión, M.- "Prensa e galeguismo. Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista". Ede do Castro, 1982. Sobre o boletín *ANT* temos publicado varios artigos co título xenérico "Arredor de *A Nosa Terra* (1916-1936)", analizando os seus avatares editoriais, directores e a súa relación coa prensa coetánea, que foron publicados nos números 429, 433, 434 e 437 de *A Nosa Terra* entre os meses de Abril e Xuño de 1990.

Cuevillas e Arturo Noguero, que xa formaban un grupo intelectual que se expresaba en español a través da publicación cultural *La Centuria*. Este fato de mozos intelectuais elitistas e alleos por completo á lingua e cultura galega, van ser atraídos ao nacionalismo en parte pola influencia personal e intelectual de Losada Diéguez -quen exercía por entón a súa cátedra de Filosofía en Ourense- cando andan xa polos trinta anos, trinta e catro no caso de Risco, e son donos dunha amplísima formación cultural. Eles mesmos explicarán posteriormente esta conversión ao galeguismo nos ensaios *Nós, os inadapitados* (Risco), *Dos nosos tempos* (Cuevillas) e na novela *Arredor de sí* (Otero).

Risco, quen aínda uns meses antes amosara en *La Centuria* a súa comprensión polo galeguismo cultural, mais afirmando que "el que quiera ser leído que escriba en castellano", ingresa nas Irmandades a remates de 1917 ou comenzos do ano seguinte, principiando a colaborar en *ANT* en Xullo de 1918. A partir daí a súa ascensión no nacionalismo galego como teórico e líder será fulgurante, quizais favorecido pola prematura morte de Porteiro Garea en 1918. En 1920 funda e dirixe en Ourense a revista *Nós*, que será o gran órgano cultural do galeguismo ata a guerra civil. Nese mesmo ano publica *Teoría do nacionalismo galego*. O seu prestixio cultural é enorme e a súa autoridade medra entre os nacionalistas, convertíndoo no líder indiscutible dun sector.

A I Asemblea Nacionalista

Os días 17 e 18 de Novembro de 1918 ten lugar en Lugo a I Asemblea Nacionalista con asistencia de máis de sesenta asembleístas en representación de todas as Irmandades, varias sociedades agrarias, centros culturais, e recibíndose a adhesión dalgunhas federacións agrarias, Concellos, asociacións diversas e particulares.

Os obxectivos acordados nesta Asemblea -recollidos nun Manifesto dirixido "Ao pobo galego"- constitúen na práctica un auténtico programa político alternativo que marcará a pauta política do nacionalismo ata os anos trinta.

Os irmáns da fala rexeitan o termo "rexionalismo", que ficara ambigüo e desprovisto de contido, e dan un paso adiante na formulación

Regramento das "Irmandades da Fala"

Irmandade

d



A CRUSA
Imp. de LA PAPELERA GALLEGA
1918

Fig. 3.- Regramento, portada.

do seu movemento, reclamándose nacionalistas nunha declaración previa á exposición dos seus obxectivos:

"Tendo a Galicia total-as características esenciais de nazionalidade, nós nomeámonos, de oxe pra sempre, nazionalistas galegos, xa que a verbe 'rexionalismo' non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas".

Con esta declaración as Irmandades tentan marcar diferencias con outros grupos ou persoas que se nomeaban ou reclamaban rexionalistas, cando na realidade e práctica política eran sucursais ou dependentes dos partidos españois do sistema turnista. Así, pois, fronte ao "regionalismo dentro de un orden" ou "regionalismo sano y bien entendido", lírico e folclórico, que apenas aposta por unha tímida descentralización administrativa, utilizado polas vellas oligarquías caciquís (bugallalismo, riestrismo, figueroísmo,...), sitúase agora o nacionalismo.

O programa das Irmandades podémolo resumir en catro aspectos principais: A) No pla-



Fig. 4.- Cabeceira de A Nosa Terra.

no político e administrativo reivindicado do goberno unha Autonomía Integral para Galicia, na perspectiva da futura construción dun Estado federal Ibérico que contemplara a posibilidade da inclusión de Portugal en igualdade de relacións. Solicitan a eliminación das Deputacións provinciais e dotar de autonomía aos Concellos, distinguindo os urbáns dos rurais, e recoñecendo nestes a personalidade xurídica da parroquia, que se gobernaría politicamente a través da democracia directa tradicional. Por último, solicitan o ingreso de Galicia e as outras nacionalidades ibéricas na Liga das Nacións.

B) No plano social e xurídico sitúan ao campesiñado como centro, solicitando unha serie de medidas tendentes a mellorar as relacións de produción agraria (inembargabilidade das terras dos campesiños propietarios, participación do arrendatario na plusvalía producida polo seu traballo, urxente resolución dos gravames sobre a terra, denuncia dos propietarios absentistas, recuperación dos montes comunais); reivindicando a igualdade de dereitos xurídicos e políticos para a muller, o restablecemento do Dereito foral galego e uns tribunais de xusticia galegos con decisión plena, servidos por funcionarios galegos.

C) No plano económico préstase atención ao problema dos aranceis, das comunicacións e da produción agropecuaria e forestal, definíndose a prol dunha política económica librecambista que supoñían positiva para Gali-

cia após das análises feitas por Villar Ponte e Peña Novo, que amosaban a situación dependente da economía galega respecto da española.

D) No plano cultural solicítase a cooficialidade lingüística do galego e do castelán (se ben a publicación das leis faríase só en galego), plenas competencias en materia de ensino e proclámase a "soberanía estética da nazón galega", exercida sobre a construción, os monumentos, paisaxes e as artes.

O contido da Autonomía Integral traducíase na creación dun Xuntoiro ou Parlamento Galego, elixido por sufraxio universal e sistema proporcional (máis democrático que o entón vixente: maioritario por distritos pequenos e reservado aos homes), que exercería o poder lexislativo. Este nomearía unha Xunta gobernadora, o poder executivo, composta dun Presidente e seis Secretarios encargados dos departamentos de Administración, Xusticia, Ensino, Obras Públicas, Agricultura, Industria, Comercio e Facenda. O poder xudicial estaba encomendado aos Tribunais de Xusticia de Galicia, que tiñan competencia plena e resolución última, reservando sempre a administración da xusticia a funcionarios galegos. De todo o exposto compréndese que: "As competencias do Poder Galego serían moi amplas, pois ademais de compartir co Poder Central moitas outras, gozaría de competencias exclusivas sobre todo a administración, o réxime tributario (sen máis salvedade que ce-

der ao Estado central 'a cantidade que se fixe nos concertos económicos'), o ensino, o réxime bancario e o creto agrícola, a construción e administración dos ferrocarrís (que serían nacionalizados)" (6). Incluso se plantea a posibilidade de que o Poder Galego fixase as forzas policiais precisas para a orde interna de Galicia, no suposto que ao remate da guerra europea as potencias acordaran a supresión dos exércitos permanentes substituíndoos por "exércitos policiais".

Por outra parte, as Irmandades non se definen claramente en canto a formas de goberno, considerando a accidentalidade das mesmas, e quizais para manter a cohesión interna, "mais simpatizaremos, dende logo, con aquela que se amostre mais doada pra chegare á federación con Portugal". Tendo en conta que a forma de goberno en España era a Monarquía -o que facía inviable tal federación- e que daquela Portugal tiña un réxime republicano, indirectamente as Irmandades estanse a inclinar pola forma republicana, cousa que tampouco podían facer abertamente se querían conservar a cohesión interna.

Participación electoral e abstencionismo

A falla dunha determinación clara sobre a participación electoral tería unha grande trascendencia para o futuro do nacionalismo, sendo causa permanente de enfrontamento entre dúas tendencias -os partidarios de concorrir ás eleccións e os favorables á abstención- que non acadarán finalmente unha postura de consenso.

As Irmandades non adiaron a participación política nun principio. Nas eleccións xerais de Febreiro de 1918 presentaron ou apoiaron algúns candidatos que figuraban como rexionalistas ou ían en calidade de agrarios noutras listas, sen resultado positivo. É o caso da candidatura de Antón Vaicárcel pola Coruña, a de Lois Porteiro por Celanova e a do prestixioso Rodrigo Sanz por Pontedeume. Quizais foi este revés electoral xunto co progresivo ascendente no movemento irmandiño do grupo de Ourense, que preconizaba unha estratexia de abstencionismo político, o que orixinou posicionamentos enfrontados no seo das Irmandades.




Fig. 5.- Portada de Nós.

En Maio de 1919 e diante da convocatoria doutras eleccións xerais para o mes de Xuño, as Irmandades lanzan un manifesto (*ANT*, 25 Maio 1919) no que aparecen por primeira vez as siglas dun Partido Nazonalista Galego, como unha especie de rama política das Irmandades. E curiosamente, e para desazón do sector partidario de participar, neste manifesto deféndese a decisión do Directorio das Irmandades de non ir á loita, recomendando a abstención.

Unha vez pasadas as eleccións, *ANT* calificaba os comicios como "A derradeira farsada eleitoral" e aproveitaba para non desanimar totalmente aos partidarios da participación electoral: "Pol-o demáis, inda que o partido nazonalista galego abstívose de loitare, aconsellou ós seus afiliados que apoiaran onde poidesen a aqueles candidatos que contribuíran a esnaquizar as vellas e noxentas organizacións caciquís" (7). E de feito, algúns irmáns da fala apoiaron candidatos de diferente filiación política en varios distritos, como recoñecía o órgano irmandiño.

(6) Véxase nota 2.

(7) *ANT*, n° 91, 5-VI-1919.

Meses despois, en Setembro de 1919, diante da convocatoria de eleccións municipais para Xanceiro do ano seguinte, a Irmandade da Coruña, insatisfeita co abstencionismo practicado nas anteriores eleccións, decide adiantarse ao posicionamento do Directorio e anuncia en *ANT* a súa vontade de participar. Este feito parece provocar a convocatoria da II Asemblea Nacionalista, celebrada en Santiago os días 7, 8 e 9 de Novembro, na que se debatería a actuación política. Mais, sorprendentemente, sobre este asunto non houbo ningunha conclusión se ben semella que orixinou discusión e enfrontamento. A Irmandade coruñesa interpretou que cada Irmandade ficaba con liberdade de actuación e segue adiante coa súa campaña. Os resultados alentadores que obtén reafirmárona na súa postura: Lois Peña Novo acadou unha concellaría, convertíndose no primeiro concelleiro nacionalista, e Antón Villar Ponte, sen chegar a ese obxectivo, consegue unha votación moi significativa.

Voltando a esa II Asemblea, nela acórdase ratificar o esencial do manifesto aprobado en Lugo o ano anterior. Pois, como dicía a convocatoria asinada polo Directorio, esta non era "pra definir o que xa está, sinon para coordinar esforzos, c-os esforzos de todas aquelas entidades e persoas, que sin habérense manifestado nazonalistas d-unha maneira oficial, ou aínda pertencendo a outros sectores políticos, siguen orientación anticaciquiles e practican labor cidadana, pra ver de chegar a converxencias posibles dentro da liberdade de cada grupo, y-eficaces pra o acabamento do caciquismo e pra o triunfo de todo ideal galeguista". Asistiron representacións de sociedades agrarias e persoas a título individual, ademais dos representantes das propias Irmandades. As conclusións aprobadas, ata un total de 38, resultan un maremagnum de propostas ben desiguais en interese e importancia, como non podía ser menos dunha participación tan heteroxénea.

O contencioso da participación electoral seguía, pois, en pé, enfrontando aos dous sectores. Na III Asemblea Nacionalista, celebrada en Vigo entre o 16 e 18 de Abril de 1921, o asunto volve a figurar na orde do día. Desta volta si se adopta a conclusión de participar nas eleccións, máis a inclusión dunha cláusula restrictiva ("O Directorio acordará en qué ca-

sos hase intervir directamente") impedirá na práctica a participación electoral, como veremos. O Directorio vai ficar anulado de feito por un Consello Permanente no que se concentran os poderes de dirección e no que Risco vai impor a súa influencia. Este Consello, integrado por Antón Villar Ponte, Manuel Banet Fontenla, o Conselleiro 1º da Irmandade coruñesa e o propio Risco, resulta na práctica máis operativo e decisivo que o Directorio formado por representantes de todas as Irmandades e que só se reúne unha vez ao ano, pesie a ser un órgano superior. Risco gañaríase paseniñamente a Villar Ponte e Banet, aproximándoos aos seus planteamentos, deixando en minoría ao representante da Irmandade da Coruña, controlando así ese importante órgano de decisión.

De feito, dous meses despois desa Asemblea de Vigo, o Consello Permanente decide non intervir nas eleccións a Deputados provinciais, pois "nós non queremos as Deputacións provinciais, senon o acabamento das mesmas", deixando entreaberta a posibilidade de participar noutros procesos electorais, caso das xerais e das dos concellos, onde "o noso esforzo quizais poida render froitos máis xurdidos". Isto dá lugar ás protestas dos defensores da participación, que ven traicionados os acordos da Asemblea. A polémica faise pública no propio boletín irmandiño, obrigando a Antón Villar Ponte, director de *ANT*, a posicionarse contundentemente a favor do sector capitaneado por Risco. Fala Villar Ponte de "Dous crases de galeguistas", referíndose á loita interna políticos/abstencionistas: "Os que queren camiñar de presa e os que queren camiñar paseniñamente. Os primeiros son de temperamento político e profesan unha grande tolerancia. Os segundos profesan unha fonda intransixencia nas cuestións relacionadas c'o ideal". Inclúese agora no debate unha nova variante: o arredismo ou separatismo, defendido por algúns membros do sector abstencionista (Ramón Villar e X. Quintanilla, da Irmandade de Ferrol, e un membro do grupo de Madrid) que publican o seu posicionamento no órgano irmandiño, polemizando cos contrarios ao arredismo. Este posicionamento radical dalgúns estará latente no seo das Irmandades sen tomar nunca corpo de programa nen carácter oficial. A mediados de Outubro de 1921, *ANT* víase obrigada a precisar que o bo-

letín era o órgano do nacionalismo galego, e que só o que aparecía sen asinar reflexaba as posicións oficiais, mentres que os traballos asinados eran únicamente opinións particulares dos seus autores. A dirección do boletín aceptaba porén todo de tipo de artigos e opinións que "non estando mal escritos" recollese ideas compatibles co ideario nacionalista, "inda que mostren arredamento das Asembleas anuaes do Partido". O grupo coruñés, que de feito controlaba o boletín, pese a proclamarse este órgano de todas elas e colaborar nel as dúas tendencias en loita, obriga a Villar Ponte a dimitir como director en Xaneiro de 1922. A partir de agora ábrese unha fenda entre os dous sectores das Irmandades que vai ter como consecuencia a escisión.

A escisión das irmandades. A ING

Inmediatamente, a Irmandade de Ferrol solicita do Consello Permanente a celebración dunha asemblea para debater o problema político de fondo que estaba a dividir e enfrontar ás Irmandades. Este acorda a celebración da IV Asemblea para os días 18, 19 e 20 de Febreiro en Monforte de Lemos para tratar os seguintes puntos: 1. Plan de organización definitivo das Irmandades da Fala e do Partido Nacionalista Galego; 2. Plan completo de propaganda nacionalista; 3. Plan de estudos a realizar polas Irmandades.

En tanto, Risco xa manobrava asegurándose a maioría na Asemblea a través dun ríxido regulamento da mesma, no que substitúe a representación proporcional vixente, por unha representación igualitaria de todas as Irmandades (tres votos para cada unha), independentemente do número de afiliados que tivese e das persoas que enviara á asemblea. Desta volta, en contraste co aperturismo da II Asemblea, non se permitiría a entrada a ningún que non fose membro das Irmandades ou, residindo onde non houberse organización, non tivese asinado as Asembleas anteriores. En todo caso, estes só terían dereito a expresarse no caso que fose requerida a súa opinión. A Irmandade da Coruña, pese a protestar por esta innovación, acode á asemblea, representada por Peña Novo e Balboa, e alí asiste -agora en minoría- a un cambio fundamental na organización do movemento, que non aceptarán.

En Monforte -coa presenza de represen-



Fig. 6.- Caricatura de Risco, por Cebreiro, en *Reurdimento*.

tantes da Irmandade monfortina e das de Ferrol, Ourense, Vigo, Pontevedra, A Coruña, Rianxo, ademais dun residente na Arxentina que se atoparía de viaxe en Galicia, acórdase a substitución das Irmandades por un organismo único, ING (Irmandade Nazionalista Galega), coas súas correspondentes delegacións nas vilas onde existía Irmandade.

Desaparece a autonomía de cada agrupación local por un férreo control centralizado nun Conselleiro Supremo ou Xefe, elixido pola asemblea e reelexible, con todos os poderes e coa facultade de nomear "a dedo" o resto da dirección. Dunha organización con funcionamento democrático e controlado polas bases, pásase a un esquema pseudo-democrático, ríxido e unipersonal. Respecto da orientación política a seguir, acordouse despois de amplo debate que a ING non tomaría parte activa en eleccións presentando candidatos sen acordo da Asemblea. Ademais, ningún irmán podería tomar parte nas eleccións, nin como candidato nin axudando a outros candidatos ou candidaturas, sen autorización do Xefe ou da Asemblea, e declararíase incompatible a afiliación nacionalista con calquer outra afiliación política. É o triunfo de Risco e as súas teses, quen ademais consegue saír elixido Conselleiro Supremo. A Irman-

dade da Coruña, agás contadísimas excepcións, non acepta uns acordos que non considera democráticos e segue a manter a súa denominación e organización á marxe da nova ING, consumándose deste xeito a ruptura do movemento. O nacionalismo, que xa de por si era un movemento incipiente e minoritario, non foi quen de superar as súas propias tradicións internas, ao tempo que a mestura ideolóxica dos seus integrantes impedíalle definir claramente un proxecto político.

ANT logo de dar unha ampla información dabondo obxectiva do acontecido en Monforte incluía no número do 1 de Marzo unha impresión persoal da Asemblea -que non asina ninguén e polo tanto parece oficial ou do conxunto da Irmandade coruñesa- bastante ecuánime e moderada. Despois de considerar que o nacionalismo é a única forza viva e organizada da política galega -"todo o demais son cacicatos estampillados ou organizacións electorás"- que se xunta periodicamente en asembleas para discutir o seu programa e analizar a realidade do país, estima que esta asemblea fora "quizaves a mais intresante despois da de Lugo". Os cambios organizativos analízanse moi asepticamente, para concluir que "quizaves o mais importante fosen as propostas discutidas e non aprobadas", considerando que a disparidade de criterios no referente á actuación política non era máis que unha manifestación da vitalidade e desenrolo do nacionalismo. Asimesmo, amosaban a satisfacción de que se acordara realizar na Coruña a próxima asemblea.

Quentes aínda as discusións da asemblea, ANT reproducía na portada do número do 1 de Abril o famoso deseño de Castelao co pé:

"Non lle poñades tacha á obra mentres non se remata.

O que coide que vai mal que traballe n-ela; hai sitio para todos".

Este pé, que tan utilizado sería posteriormente -incluso nos nosos días- en contextos ben desemeillantes, refírese claramente ao Nacionalismo, como figura na súa cabeceira, á situación que estaba a atravesar daquela, e tentaba unha conciliación que non se produciría.

A escisión tivo efectos moi negativos entre as bases. Moitos militantes dubidan e tardan en posicionarse. Mais, ao cabo, a maioría das irmandades que tiñan existencia nese intre re-

matarán integrándose na ING, que contaba con delegacións en Santiago, Ferrol, Ourense, Monforte, Vigo, Baiona, Viveiro, Betanzos e unha delegación simbólica en A Coruña, ademais das exteriores en Madrid e La Habana. Ficaba unicamente a Irmandade da Coruña e quizais algunha outra, tal a de Vilalba que se reorganiza agora mantendo o nome -como entidade aparte e independente da ING, mais a súa militancia era superior en número a todas as delegacións da ING xuntas e ademais seguía a controlar o boletín ANT, no que deixan de colaborar a partir de agora os persoeiros da ING. Estes atoparanse sen un medio propio, pois as publicacións que controlan son estritamente culturais -caso da revista *Nós*- ou boletíns cativos, ata que conseguen atraer ás súas filas aos irmáns de Betanzos, indecisos e cortexados por uns e por outros. A Irmandade de Betanzos publicaba un boletín quincenal, *Rexurdimento*, que pasará a controlar Risco ao integrarse aquela na ING, quen xa conta agora -por pouco tempo- cun medio publicitario de seu para contrarrestar a ANT.

A ING pretende darlle continuidade ao nacionalismo coa celebración dunha V Asemblea que ten lugar na Coruña -como xa se acordara en Monforte- os días 18 e 19 de Marzo de 1923. Un dos acordos máis interesantes desta asemblea foi o de estudar a creación dunha Confederación do Traballo Galego (posible xermolo dun sindicalismo obreiro autóctono, sector do que as Irmandades sempre estiveran alonxadas, incluso no programa), ponencia que se encargou a Ramón Villar Ponte, Quintanilla e Calviño. Os dous primeiros tiñan escrito no Boletín da Irmandade ferrolá sobre a compatibilidade do nacionalismo e do internacionalismo, citando frases de líderes socialistas europeos e españois. Posicións ideolóxicas semellantes mantíñanas no grupo da Coruña Víctor Casas e J.V. Viqueira, e nalgunha ocasión -quizais por interese persoal dalgún redactor, como o citado Casas- ANT facíase eco dos aniversarios dos destacados dirixentes socialistas Pablo Iglesias e Jean Jaurés.

Os coruñeses continúan a súa actividade política á marxe da ING. Así, o 25 de Xullo dese ano, J. V. Viqueira e Carlos Monasterio (Conselleiro 1º e secretario da Irmandade, respectivamente) asinan un manifesto chamando a unha Asemblea de Mocedades Nazionalistas

MANIFESTO DA ASAMBLEIA NAZONALISTA DE LUGO

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en Asambleia magna tida na cibdad de Lugo nos días 17 e 18 do mes de data pra conquistar o Goberno da Sua Magestade El Rey a autonomía integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas solucións ós problemas que intrusan d'un xeito foadonísimo á vida nacional da Galicia, aprobaron e sosteñen, e-o corazón ateyado de esperanza e os ollos postos no porvir da Nai Terra, as seguintes conclusións, que fan públicas pra conocimiento e meditación do pobo galego nestora solemnidade do albeo das nazonalidades que sinten tremelar a sua y-alma e fan xurdir a súa personalidade.

I.—Previa

Tendo a Galicia todal-as características esenciaes de nazonalidade, nós nomeados, de oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe «rexionalismo» non recolle todal-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II.—Problemas constituintes

- 1.º Autonomía integral pra Galicia.
- 2.º Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldeán do vilago, axeiándose o Concello aldeán sóber de base do recoñecimento da personalidade xurídica das parroquias, que terán as súas xuntas, eleixidas antr-os cabezas de familia—petrúcos—homens ou mulleres, pra termaren dos seus béns privativos. Os presidentes ou cabezaleros d-estas xuntas serán vocés nados dos ou Concelleiros da Corporación municipal e nomearán, de antr eles, o Alcalde que dirixa o Concello. As parroquias, con personalidade xurídica, poderán contratarren y-estableceren seguros e institucións de creto antr-os veciños e administrarre os béns comúis, que o Poder Central terá de lles restituire, dispoñendo o seu aproveitamento.

O Concello terá de sere, pol-o tanto, mais que unha organización de caracter adeministrativo, unha prolongación ou complemento das parroquias, como estas o son do fogar, que presidirá a vida económica e social das mesmas.

- 3.º Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.
- 4.º Federación da Iberia.
- 5.º Dentro d-esta federación, igualdade de relacións con Portugal.

- 6.º Crendo n-a accidentalidade das formas de goberno, intrésanos arcarar que non apelamos por ningunha, mais simpatizaremos, dende logo, con aquela que se amostre mais doada pra chegare a federación con Portugal.
- 7.º Ingreso das nazonalidades da Iberia na Liga das Nazonis.

III.—Problemas políticos

- 1.º Igualdade de dereitos pra muller.
- 2.º Cuestión eleitoral:
 - a) A función eleitoral terá de sere da responsabilidade do goberno e protexida pol-o Poder público.
 - b) Representación proporcional como sistema eleitoral.
 - c) Non serán eleixibles os elementos que non rendan unha función útil pra colectividade.
 - d) A Asambleia declarará: que si nas eleixións pra Cortes Constituintes Españolas non se nos dera unha prenda en garantía excepcional pra que a vontade do pobo poida manifestarse con toda liberdade—pola co-as organizacións oligárquicas de oxe non sería abranguible—apelaríamos ós representantes de Cataluña e Biskadi e, si elo non abundara, ó Estado mais afín ó noso, pra que na Liga das Nazonis defende o dereito da Galicia á liberdade cidadadana.
- 3.º Acabamento das Diputacións provinciais
- 4.º Creación do Poder Autónomo, representado por un Xuntoiro ou Parlamento Galego, eleixido por sufraxio universal, con todal-as facultades que a reforma da Constitución non garda pra-o Poder Central e sempre, pol-o menos as seguintes:

IV.—Facultades do Poder Galego

- 1.º Nomeamento da Xunta gobernadora, que terá de exercer o Poder Executivo, composta d-un Presidente e seis Segregados encargados dos Departamentos de Adeministración, Xusticia, Enxeño, Obras Públicas, Agricultura, Industria, Comercio, e Facenda.
- 2.º Toda las funcións adeministrativas.
- 3.º Lexislación social, agás n-aqueles casos nos que os problemas sociais se extendan ás diversas nazonis da Iberia.
- 4.º Reximen tributario, sin intervención do Poder Central, que somente pagará o Autónomo a cantidade que se fixe nos conceptos económicos.
- 5.º A potestade docente do Estado actual pasará enteira ó Poder Galego.
- 6.º O Reximen bancario, n-o que intervirá pol-a función social que oñe teñen os Bancos. A mesma facultade pra-a solución do creto agrícola.
- 7.º Correos e Telégrafos: O seu servico ó cargo do Poder Central; a súa creación será d-creto do Poder Autónomo; o servico dos teléfonos ó d-creto do Poder Galego. A censura n-estes servicos non poderá sere exercida pol-o Poder Central n-un caso de guerra.
- 8.º Ferrocarrís: A súa nazonalización. A lexislación sobre os mesmos será facultade do Poder Central; a súa construción e adeministración en carga do Poder Autónomo

- 9.º Portos Francos. A lexislación e regulación do tráxico marítimo en carga do Poder Central.
- 10.º Si ven co-a Paz o acabamento dos exercitos permanentes, e no caso de que somente quedaran exercitos policías, tamén será facultade do Poder Galego a fixación das forzas que xusgue perlas pra-o orden interno de Galicia.

V.—Cuestións xurídicas

- 1.º Sustantividade do Dereito foral galego.
- 2.º Derogación do artigo 5.º do Código Civil e reforma do seu articulado no que se refire á sucesión abintestato.
- 3.º A publicación das leis farase no idioma galego.
- 4.º Igualdade de dereitos pra-a muller casada, pol-o menos no caso da emigración do marido.
- 5.º A función dos Tribunales de Xusticia rotamará en recurso derradeiro en Galicia e sempre realizada por funcionarios galegos
- 6.º As terras dos pequenos propietarios que-as laboreen consideraranse instrumentos de traballo pra-os efectos do embargo.
- 7.º O arrendatario terá dereito á unha parte da supervalía do arrendado sempre que sexa debida ós melloramentos producidos pol-o seu traballo.

VI.—Problemas económicos

- 1.º As custións aduaneiras serán resoltas por concerto entre o Poder Autónomo e o Central, salvo o libre cambio de cerecias.
- 2.º Reintegración imediata á propiedade privada, pol-o xeito mais doado dos montes do Estado, dos pobos e de propios.
- 3.º Repobación forestal forosa. Si os particulares non a fan, sería o Poder Galego pra-anualidades, gravando sobre a riqueza creada, o capital invertido mais os intereses. Reforma da lexislación civil n-este punto.
- 4.º A Asambleia declara de toda urxencia a resolución do problema dos gravámenes sobre a terra en Galicia.
- 5.º Tamén declara sere un crime contra Galicia o permanente abintestato dos propietarios da terra.

VII.—Aspectos artísticos

- 1.º Proclamar a soberanía estética da Nación Galega que se exercerá:
 - a) Sobre as construcións urbanas e rurais, ditándose unha lei que obligue ós propietarios a axecitare o estilo das suas construcións ó estilo xeneral de cada vila galega.
 - b) Na expropriadón de moimentos e paisaxes.
 - c) Na organización do ensino artístico, con creación d- unha escola musical galega.

Vede, irmáns galegos, o noso programa. Non é nin pode sere nosa verba definitiva; mais é, por decontado, un berro d'anguria que vos chama e á única afirmación creadora feita na nosa patria galega.

Son chegadol-os tempos d'ergure a y-alma e o pensamento de Galicia, e sobre todo a súa soberanía, compra e sin cativocos. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona, absoluta de si mesma. Con vontade coñe faremos nuzias d'amore con outras soberanías, contras que non val nin quer ire a soberanía nosa.

Pensade, pois, nas nosas construcións, feitas pra todos-os galegos. Prá, adorno, sentidas, practicadas. Nosos brazos están abertos pra-a fecunda aperta. Todos xuntos melloraremos a grande obra. O ideal que nos aumiañva vos pide que sintades a Galicia, coma nós no recuncho mais intenso das vosas almas.

Ningún é inútil pra ista cruzada. A nosa noceidade téu unha santa obriga co-a patria, e agardamos, ateyados do lume imenso do noso amore, que todo galego dino non mande súa adhesión á Santa Causa da Redenzón da Nai Terra.

Na cibdad de Lugo, a noite do dazaite de Santarito do mil novecentos dazaite:

Pol-os asambleístas:
 A. Losada Diéguez; V. Risco; A. Nogueira; X. Quintanilla; M. Banet Fontenla; R. Cabanillas; A. R. Castela; L. López Abente; V. Taibo; V. Parateja; A. Vilar Ponte; J. Ferreira; I. Peña Novo; L. P. Carballa; X. Culebras; E. Bidegain; F. Vázquez Enríquez; G. Cedrón; F. M. Balboa; X. V. Viqueira; R. Blanco Torres; Rodríguez de Vicente; Ivo Fernández; Correa Calderón; R. Villar Ponte; L. Ares; A. Ramos; S. Mosteiro; X. Ares; X. Peña; L. Briones; Díaz Varela; P. Peña Novo; Sánchez Falz; X. Parado; V. Veiga; C. Monasterio; X. Sarmiento; L. de Labra; R. Oxe; C. García Colmeiro; R. Gutiérrez X. García Colmeiro; F. Abelaiza; A. Casal; T. Rodríguez; F. Zamora; V. Maceiras; A. Martínez; R. Rodríguez; X. Robles; R. Carballa; R. Ares; E. Charlón; M. Sánchez Hermida; T. Amador; M. Vázquez; B. Varela; I. A. Garaloces; X. Basteiro; E. Iñace Santar; Guildón; V. Casas e X. Monteiro Mejuto.

A Asambleia que aprobou iste manifesto asistiron persoeiros de todal-as Irmandades; estiveron representadas 67 sociedades agrarias, cinco centros culturais; e mandaron súa adhesión cinco federacións agrarias, once Concellos, mais de 40 Asociacións e numerosísimas personalidades de Galicia.

(A cantos simpatizcen con iste manifesto preguntámoslles como-queñen-o mais axiña posible, a calquera Irmandade de Galicia, pra faguer público o estado da opinión galeguista).

Fig. 7.- Manifesto da primeira "Asamblea Nazonalista de Lugo". AMB.

Ibéricas e dirixido a todas as Mocidades Nacionalistas de Hespaña e Portugal. A posibilidade de convocar tal asemblea fora un acordo tomado en Vigo en 1921. Con este chamamento a Irmandade coruñesa pretende tomarlle a dianteira á ING na actividade política e aproveita para "facen unha chamada de irmáns a todos os nacionalistas galegos que non están representados na nosa organización, na seguranza de que todos acudirán ó chamamento, como nós acudiremos a todos os que eles nos fagan". Nestes momentos os dous sectores do nacionalismo tratan de introducirse no movemento agrario a través das relacións cos seus dirixentes, moitos deles con posicións ambiguas, e da propaganda directa. Estas relacións serán sempre difíciles e un tanto entrambilicadas. A Irmandade da Coruña intenta atraerse a Basilio Alvarez e con el a forza agraria que representaba, sen resultado, pois a relación da ING con Basilio era algo máis sólida, colaborando incluso no seu periódico agrario *La Zarpa* o mesmo Risco e outros persoeiros da ING. Aínda nos primeiros meses de 1923, os irmáns coruñeses desenrolarán unha intensa campaña "agrario-galeguista" de mitins polas bisbarras próximas á cidade herculina, tentando crear relacións e núcleos de simpatizantes. A ING, pola súa parte, tivo ocasión de fomentar o obstencionismo con motivo das eleccións xerais de Abril de 1923, desenvolvendo unha campaña verbalmente moi agresiva.

A Dictadura

O golpe de estado do 13 de Setembro de 1923, da man do xeneral Primo de Rivera, supón a inmediata supresión dos partidos políticos, o peche do Parlamento e o Senado e a renovación dos Concellos e Deputacións. Para o nacionalismo vai supor o cese das hostilidades entre "culturalistas" e "políticos", ao impedir toda actividade política e deixar sómente a posibilidade de actividade cultural. E aínda así, dun xeito moi rextrinxido: *ANT*, máis cultural e literaria que nunca nesta etapa, foi duramente censurada como amosan os grandes espazos tachados que aparecen en moitos números; a revista *Nós* incluso estivo

suspendida entre Xuño de 1923 e Xullo de 1925. A paseniña reconciliación diante do inimigo común ten reflexo nas páxinas de *ANT*, na cal voltarán a colaborar persoeiros da ING, entre eles o propio Risco, que o fará a partir de maio de 1924 con artigos de tema cultural.

A Dictadura intentou suprimir todo o que cheirase a "diferencialismo", interpretado dende o poder como un perigo á unidade do estado. Por Real Decreto do 18-IX-23 prohibese o uso de bandeiras "rexionais". En Abril do ano seguinte, a autoridade militar da Coruña dá ordes concretas sobor dos asuntos que se poden tratar pola revista *Nós* (lembrémos que se trata dun órgano estritamente cultural). *ANT* era rigurosamente censurada. A celebración do "Día de Galiza" en Compostela, que se instaurara en 1920, foi prohibida, ao tempo que o Dictador se personaba en Santiago a presentar a ofrenda ao Apóstolo. Vexamos o que di Bobillo sobor da implacable censura:

"...Non hai máis que repasar a colección das publicacións galeguistas dende a chegada ao poder de Primo de Rivera para comprender o rigor da represión intelectual. Os espazos en branco, as páxinas enteiras ca lenda de 'visado por la censura' afectan a todo tipo de traballos. Escríbense sobor da arte, literatura ou folklore, a infamante lenda xurde esnaquizando textos e publicacións..." (8)

Os anos da Dictadura serán pois anos "mouros" para os nacionalistas, que se ven obrigados a reducir a súa actividade ao labor cultural de pequenos grupos (*Nós*, Seminario de Estudos Galegos, intentos de creación das Escolas de Insino Galego na Coruña...) fronte á apatía e eruditismo da Academia Galega, a "silente casa", convertido nun foco caciquil no que primaba o amiguismo.

Mais, de primeiras, as posicións dos dous sectores nacionalistas cara a Dictadura foron diverxentes. Mentres a Irmandade da Coruña amosouse de entrada claramente en contra, a ING vai colaborar con ela nun principio. A Dictadura, dado o marco político, social e económico do momento, non foi mal acollida por algúns sectores enfrontados ao sistema turnista. Existía a esperanza de que o novo réxime destruíra as redes da oligarquía caciquil.

(8) F. Bobillo: Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco. Edt. Akal/universitaria. Madrid, 1981, páx.66.

quil, como prometía, e acometese a descentralización administrativa. Algúns persoeiros da ING, caso de Risco e Losada Diéguez, quixeron ver a posibilidade -co decreto que autorizaba a fusión de varias Deputacións en Mancomunidades- dun relanzamento das chamadas "autonomías regionales", e aceptaron formar parte dos novos Concellos e das Deputacións de Ourense e Pontevedra, ata que recoñecen a imposibilidade de acadar unha Mancomunidade Galega, obxectivo estratéxico mínimo que se planteaban naquel intre, dimitindo dos seus postos.

Por Outubro de 1924 a situación da ING xa era de total inactividade, clandestinidade e incomunicación entre os militantes. Os membros da delegación de Viveiro -scis persoas, encabezadas por Ramón Villar Ponte- escribílanlle ao poeta rianxeiro Manoel Antonio, informándolle da súa situación e pedindo novas sobre as outras delegacións, así como posibles orientacións: "...A despeito dos tempos que corren a delegación da ING en Viveiro sigue existindo, inda que a súa actuación se reduza, somentes, a mantere vivos os vencellos de fraternidade antre os seus compoñentes na agardanza de outras xeiras milloras". E aínda non era a súa delegación a que se atopaba en peor situación, pois "...sospeitamos que, por disgraza, non ocorrerá eísi coas organizacións que habia na terra". Tamén en Rianxo estaban á agarda de tempos mellores, xa que "a delegación de Rianxo constituíamola un fato moi reducido d'amigos, inda que o único legalmente afiliado era eu. E así estamos. Non sei si a isto se lle pode chamar Delegación, pero, endemal, non coido que as demais estean moito mais florecentes, agás a de Viveiro, pol-o que vexo". O rianxeiro propón sair da inactividade na que se atopan sumidos os nacionalistas, suxerindo unha campaña de propaganda clandestina selectiva, por vía postal, semellante á que realizaban algúns elementos republicanos, co inconvinte de resultar custosa economicamente. Parte desa propaganda tería que ir dirixida ás organizacións agrarias que, en xeral, estaban a colaborar coa Dictadura ou non eran belixerantes con ela. Considera, ademais, que lles compre aos nacionalistas unha norma a seguir para "o día en que unha revolta desconcertada, caóti-

ca e sangrenta, succda ó directorio, única solución que se adiviña" (9). Mais Manoel Antonio morre prematuramente en 1929, sen chegar a ver a caída da Dictadura.

O grupo da Coruña, na súa gran maioría, da man de Antón Villar Ponte, de novo reintegrado ao círculo orixinario, optou pola confluencia na Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), fundada na Coruña en 1929, partido de orientación republicana e representativo dos intereses da burguesía urbana, que nun principio asumíu -máis na teoría que na práctica- certas reivindicacións galeguistas. A ORGA, que chegaría a ter nos anos iniciais da II República unha importante base electoral -especialmente na provincia coruñesa- e determinadas cotas de poder institucional, abandonaría progresivamente o seu feble galeguismo e a reivindicación autonomista, o que levou ao afastamento de daqueles elementos máis nacionalistas (A. Villar Ponte, Suárez Picallo, Casas...) que se integrarán posteriormente no Partido Galeguista. Tal confluencia invalidaría os acordos da VI Asemblea Nacionalista que ten lugar na Coruña o 27 de Abril de 1930, pois o pacto de Lestrove entre ORGA e Alianza Republicana facía incompatible a militancia dos galeguistas da ORGA cunha nova reorganización das Irmandades.

No resto do país, sen chegar a unha organización común, van resurxindo agrupacións nacionalistas locais, restos das antigas Irmandades, ao longo de 1930, coa tolerancia da chamada "Dictablanda": Grupo Autonomista de Vigo, Labor Galeguista de Pontevedra, Partido Nazonalista Republicán de Ourense, que asinan no Outono o Compromiso de Barrantes cos republicanos, nun momento en que a descomposición da Monarquía semella inevitable. Este pacto recolle os obxectivos comúns de nacionalistas e republicanos, mais mantendo a independencia e programa daqueles. Agora Risco apoia e aproba a participación electoral sempre que se mantenga a personalidade dos grupos nacionalistas e se vaia ás eleccións cun programa propio. Estes conseguirán actas de Deputados por Pontevedra e Ourense para Castelao e Otero Pedrayo nas eleccións a Cortes Constituíntes de Xuño de 1931.

A imposibilidade de acadar unha estructu-

(9) Manoel-Antonio.- Correspondencia. Páx 237 e ss. Edt Galaxia, Vigo 1979.

ra de corte federal para a nova República e a orientación escasamente comprometida nas reivindicacións galeguistas dos aliados republicanos levaría aos nacionalistas a plantear a necesidade urxente de unirse. En realidade esta é xa a prehistoria do Partido Galeguista, o que supón a definitiva desaparición das Irmandades da Fala, non así do seu proxecto político que é recollido e desenrolado por este novo partido, herdeiro ideolóxico daquel movemento que comenzara en 1916.

II. A IRMANDADE DA FALA DE BETANZOS

A fundación da Irmandade da Fala de Betanzos

Dentro deste contexto que deixamos enunciado vaise desenvolver a actividade da Irmandade da Fala de Betanzos, creada no Outono de 1917. Semella que na súa orixe teñen moito que ver os contactos que o betanceiro Francisco Vales Villamarín tiña na Coruña -onde pouco despois se desempeñaba de mestre na escola do barrio dos Castros- con persoas do mundo cultural e xornalístico, que formarían na cidade herculina a primeira Irmandade dos Amigos da Fala, especialmente co xornalista Antón Villar Ponte, pioneiro deste movemento.

Vales Villamarín, quen polo menos adoitaba pasar os fins de semana e as vacacións na vila natal, espallaría a idea entre un fado de mozos betanceiros amigos, que callaría na formalización dun grupo local no Outono de 1917. Unha idea do estado de cousas no que respecta á cultura autóctona nesta época dánola o feito de que un home culto como don Paco Vales descoñecía o himno galego, cando Antón Villar Ponte lle envía a partitura para que o difundiran (10). Pouco despois conseguirán autorización para que a Banda Municipal o interprete como remate dos seus concertos semanais.

O domingo 23 de Outubro, ás tres e media do serán, os "irmáns da fala" de Ferrol e da Coruña dan un mitin no teatro Alfonsetti da

capital das Mariñas. Falan Xaime Quintanilla, pola Irmandade de Ferrol, e Antón Villar, Lois Peña Novo e Antón Valcárcel pola coruñesa. Preséntaos á "numerosa concurrencia" Vales Villamarín, quen preside o acto e fai o discurso de presentación nestes termos:

" Ciudadans: Eu creo, e vosotros conmigo, que neste caso, folgan as presentacións. O distinto fado de intelectuáis galegos que dínouse vir hoxe a este antigo e decote nobre pobo, é ben coñecido de todos polas suas rexas e honradas campañas rexionalistas dendes da tribuna e do libro, dendes do folleto e do xornal. Son os verdadeiros apóstoles da redención galaica; son os que saben onde está a raíz do mal que consome a Nosa Terra, a doencia que henche todos os seus bentos membros de noxenta podredumbre; son os sans de esprito, os que arrolan no berce do seu peito a arrecendente frol da sinceridade, a branca azucea da pureza de sentimentos; os que non temen o ridículo nin o que dirán das persoas valeiras de senso común; nunha verba son os homes que nos fan falla. 'O pobo que reclama a sua liberdade a ninguén ofende' dixo non fai moito o eminente e baril nacionalista catalán, señor Cambó. 'A liberdade dos pobos non vai contra de ninguén. Soio poden ofendérense, por iso, os tiráns ou os criados dos tiráns'. Por qué pois, Galicia, esta nai amorosa non ha de conquistar a sua santa independencia, en mal hora roubada? Qué razón hai pra que non poida botar de sí o peso da homillante escravitude? Por qué este sagro rincón, chan de fidalguía, con todo de seu: costumes, tradicións, raza, música, e en especial, língua, 'ese idioma compendio dos idiomas', según fermosa frase de Curros, ha de ollar, pasivo, como o malfadado prantigrado do centralismo esnaquiza, reventa a sua divina persoalidade?...

Rapaces, chegou a hora; é perciso aproveitala ocasión. O crarín chamamos á loita, e ¡ai! daquel que se faga o xordo.

Oíamos, polo tanto, con relixiosa fe, ós valentes paladís da outa causa -a quens saúde con todo agarimo da miña ialma nova-, e sigamolos, ca seguridade de que máis presto nos levará á tan desexada vitoria, pese ós desleigados i ós cativos de corazón. Dixen".(11)

É un discurso de chamada á loita, na liña do galeguismo destes anos, con referencias cristiáns e mesiánicas, e claras alusións ao catalanismo burgués abandeirado por Cambó.

(10) Información facilitada por Vales Villamarín nunha conversa sostida en 1981.

(11) ANT, n° 35; 30-X-1917.



Fig. 8.- Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos, no Museo das Mariñas.

Posteriormente secundarían a Vales no uso da palabra os outros oradores foráneos e, rematada a intervención destes, foi tanto o entusiasmo, esaxera *ANT*, que espertaron entre o auditorio-xuvenil, a xuzgar polo "rapaces" co que Vales se dirixiu á concurrencia- que ao remate do acto ficou constituída unha Irmandade.

O seu primeiro presidente será o propio Francisco Vales, quen daquela preparaba as oposicións de Maxisterio que aprobará na primavera do ano seguinte, merecendo os eloxios de *ANT*:

"Nosso querido correlixionario Francisco Vales, Conselleiro 1º da entusiasta e exemplar 'Irmandade da Fala' de Betanzos, levóu o numero un nas oposicións a escolas que fixeronse derradei-

ramente na Cruña. É unha proba de que a maioría dos mozos cultos e talentosos están con nosco".
(12)

Entre os militantes e simpatizantes desta primeira hora atópanse Antón Fiaño Miravalles, Xosé Ares Miramontes, Lois Ares Castro, Salvador Mosteiro, Xosé Babío Teixeira, Anxel Ramos Lacaba, Xosé Vía Golpe, Xaquín López Pita, Xosé Ferreira Acevedo, Agustín Novo Maceira, Manuel Crestar e outros máis ou menos achegados a este movemento. Todos eles conforman un grupo case xuvenil, no que un dos máis vellos debe ser Vales con 26 anos, cunha formación cultural elevada respecto á media local. A súa composición, en canto a orixe social, non desemeilla polo que sabemos- doutras Irmandades: son,

(12) *ANT*, nº 56, 30-V-1918.

na súa maioría, fillos da pequena burguesía burócrata e mercantil da localidade, aínda que algúns proveñan das clases traballadoras e artesanas e mesmo rematen de emigrantes na Arxentina. Hai entre eles un mestre, varios comerciantes ou fillos de comerciantes, algúns profesionais liberais e universitarios que rematan ou están a facer os estudos de Dereito, Medicina, etc... Lois Ares e Xosé Ferreira eran por 1920 os arrendatarios do teatro Alfonsetti, de propiedade municipal.

As Irmandades ata agora non se atían a unha liña de actuación unitaria, ao carecer dun programa común. No verán de 1918, as de Monforte, Santiago e Betanzos chegan á aprobación dun regulamento xeral (13) que busca a unidade de acción de todas as de Galicia. Este regulamento -polo que xa se rexía a da Coruña- será a base das futuras asembleas galeguistas, a primeira delas en Lugo só uns meses despois, o 17 e 18 de Novembro. De Betanzos acudiran seis representantes que aparecen asinando o Manifesto da Asemblea dirixido "Ao pobo galego": Xosé Ares Miramontes, Lois Ares Castro, Xosé Ferreira, Xaquín Peña, Anxel Ramos e Salvador Mosteiro, aínda que ANT non cita ao segundo entre os asistentes.

A organización interna da Irmandade local non desemellaba das outras. A Xunta Directiva compúñase, dunha ducia de membros e anovábase anualmente no mes de Abril. Os Conselleiros Primeiros ou Presidentes da Irmandade foron Francisco Vales Villamarín, no ano da fundación, Xosé Ferreira, substituindo ao anterior en 1918, Anxel Ramos Lacaba, entre 1919 e 1921 ou 1922, e Lois Cortiñas, de 1923 en adiante.

A Irmandade contaba cun céntrico local social en aluguer -pagaban 20 ptas en 1917- no primeiro andar da casa número 22 dos Sóportais do Campo, onde dispuñan dunha biblioteca e incluso dun conserxe. Por 1918 estaban suscritos ao xornal coruñés *El Noroeste*, daquela próximo ao movemento irmandiño. Sabemos que o persoeiro do nacionalismo

Johán Vicente Viqueira, filósofo e pedagogo, quen vivía en Vixoi por estes anos, ten enviado as súas publicacións para a biblioteca, sendo esta quizais a única relación que tivo coa Irmandade betanceira pese á proximidade da súa residencia.

O número de militantes e achegados non debía pasar dos vinte, nun primeiro momento, se ben por razóns de estudos non sempre se atopaban todos en Betanzos, feito que incidirá -xunto con outros que veremos- na marcha da Irmandade. Entre Outubro de 1918 e Febreiro de 1919 prodúcense vinte altas de socios, rexistradas nas actas internas, trece delos no mesmo día. En Xullo de 1920 unha lista de socios para control das cotas rexistra xa corenta e seis nomes. Chama a atención atopar nela como socio protector ao acaudalado propietario Eduardo González García, xenro do benefactor don Xoán García Naveira (14).

Un número respectable, dado o carácter minoritario e elitista do movemento, por máis que moitos fosen dos "imposibilitados" para actuar publicamente. Sobor de todo nunha vila das características da betanceira: Por unha banda, o aparato caciquil do distrito, dirixido dende finais do século anterior por Agustín García Sánchez -"...cacique máximo na política mariñana, que ten a súa alcazaba na vella cibdade brigantina..." (14)- e secundado polo seu curmán César Sánchez Sanmartín e os fillos deste. Este clan familiar detentará o poder real -ás veces enfrentados entre sí (16)- durante case toda a Restauración, non só en Betanzos senón na maior parte do distrito. Por outra banda, a oposición a este sistema político feudatario, caracterizado polo pacto e o entreguismo. Oposición levada, con máis vontade que forza, polos republicanos, socialistas, anarquistas e incluso monárquicos disconformes co poder dos Sánchez. Cómpre ter en conta, ademais, nun movemento culto tal o das Irmandades, o elevado índice de analfabetismo no Concello de Betanzos nestes anos: 50% da poboación, que no caso das mulleres acadaba o 55%, segundo datos oficiais.

(13) Regramento das 'Irmandades da Fala'. A Cruña. Imp de La Papelera Gallega. 1918.

(14) Arquivo Histórico Municipal de Betanzos. Fondo Irmandades da Fala (1918-1922). Actas de Constitución e funcionamento; Contabilidade, recibos de socios.

(15) ANT, n° 178; 1-II-1923.

(16) ANT, n° 113; 25-II-1920.

O movemento galeguista estíbese extendendo polo feudo dos Sánchez. *ANT* anunciábo con rexouba:

"Tan fonda e tan intensa vai a sere a nosa propaganda pra tumbal-os caciques, e tal é o medo e o terrore que d'iles apoderouse, que até os Césares -non os Augustos- tremaban como tremaban os veciños de Betanzos cando Betanzos ardéu". (17)

Escomenzando o ano 1918 celébrase un mitin agrario-rexionalista en Bergondo. Na primavera, as Irmandades da Coruña e Betanzos acoden a Sada chamadas pola Sociedade de Defensa Veciñal (18). En ambos casos hai fortes berros e ataques contra o caciquismo representado por don Agustín e don César. En Sada, cunha asistencia maior de mulleres que de homes -feito sintomático: os homes temen represalias e envían ás mulleres para informalos despois-, LUGRÍS falou do rexionalismo ideal onde "collen as dereitas pro aínda millor os homes de esquerdas". Denantes, Villar Ponte ofrecera a axuda das Irmandades para loitar contra do caciquismo. No Outono de 1919 tócalle a Paderne ser escenario doutro mitin agrario-rexionalista, con intervención dos irmandiños Peña Novo e A. Villar Ponte. Algo deberon sementar as súas verbas xa que na II Asemblea Nazonalista, celebrada pouco despois en Santiago, recibíuse a adhesión da Sociedade Agraria de Paderne.

Apoiándose nesta contestación anticaciquil, un sector de monárquicos afastados do poder local tentarán utilizar a nacente Irmandade para disputarlle a hexemonía no distrito ao caciquismo imperante, amparándose no cartel de "rexionalistas". De feito, un Comité Regionalista de Betanzos convoca en Setembro de 1918 unha "Asamblea Regionalista del Distrito Electoral de Betanzos" que se celebraría a finais de ano para tratar nela todas as cuestións "concernientes al desarrollo económico, comercial, agrario, industrial, pecuario y pedagógico del distrito". O interese electoral de cara ás próximas eleccións xerais, que terían lugar en Xuño, non se disimulaba.

(17) *ANT*, "Peneirando", nº 39, 10-XII-1917.

(18) *ANT*, nº 59; A Coruña, 30-VI-1918. Repárese no rotundo do nome: se os veciños precisan dunha Sociedade de Defensa porque se consideran agredidos. E a agresión dirxíxese dende Betanzos.



Fig. 9.- Escudo das Irmandades da Fala de Betanzos, no libro dos "Xogos Florais" de 1918.

Os Xogos Florais de 1918

Os Xogos Florais tiñan en Betanzos unha certa tradición, dende os primeiros coñecidos, celebrados en 1886 e organizados polo semanario local *Las Mariñas*, que repetiría ao ano seguinte. Tiñan un certo matiz rexionalista, aínda que se quedaban nuns actos para unha élite e sen ningunha proxección popular.

Agora a Irmandade trata de aproveitar estes xogos, que fan coincidir coas festas patronais do San Roque, para propagar na localidade a lingua e cultura galega e crearse un prestixio no pobo. Pero tamén os van tratar de aproveitar outros.

Aparece na escea Federico Pita Espelósín, militar, con familia en Betanzos. Canso da vida militar, despois de varias campañas en Cuba e Melilla, decide trocar o sabre por unha cadei-

ra nas Cortes e non se lle ocorre cousa mellor que pretender a representación do distrito de Betanzos, que xa tiña "dono" como sabemos, desenvolvendo unha campaña "regionalista" pola bisbarra. Antes da súa loita electoral, Federico Pita tenta atraerse aos mozos da Irmandade, facendo de mecenas: paga cotas especiais mensuais de 5 pesetas -o equivalente á cota normal de dez socios-, dónalles libros para a biblioteca, agasalla á Irmandade cunha fermosa bandeira galega co escudo da entidade bordado e axúdaos economicamente na organización dos Xogos. En contrapartida, noméano Conselleiro Honorario. Pero as forzas vivas tamén queren axudar nun acontecemento coma o dos Xogos, que se supón de relevo. Aparecen donacións de toda caste para premios -unha oportunidade máis para que os poderosos fagan ostentación e rivalicen entre eles- e xurden as contradicións: as bases dos Xogos redáctanse en español, o discurso encárgaselle ao carlista Vázquez de Mella,...; en suma, o fato de mozos betanceiros idealistas que arelan unha nova Galicia, un renacemento lingüístico e cultural, aparecen vencellados aos vellos políticos e a un novo pretendente da vella política na súa primeira saída a escea. *ANT* dá a voz de alarma nunha irónica sección "Peneirando", que non ten desperdicio:

"Desconfiade dos Xogos Froráis. Os xogos froráis sempre son cursis. Pro cando nestes xogos hai coma un dos premios unha pruma d'ouro donada por un cacique irrenegote demo! ¡Nin a correia de *San Agustín* nos valera! ¡Os Césares rexionalistas! ¡Pato rexionalista!
Betanceiros ¡que *pita* merecen certas xentes!"
(19)

Os xogos, á fin, celebráronse con toda pompa e solemnidade. A presidencia -máis que nada honoraria- do tribunal literario encargouse ao patriarca Murguía e a da sección artística ao pintor Alvarez Sotomayor. O tamén pintor Seijo Rubio -moi ligado a Betanzos- foi o secretario do xurado. O acto de en-

trega de premios celebrouse o 17 de Agosto no teatro Alfonsetti. *La Voz de Galicia* reseñaba os acontecementos do día destacando a presenza do "Mantendor" dos Xogos, Vázquez de Mella, quen xantou co seu parente Xoán Golpe, Pita Espelosín e outros persoeiros na casa do indiano Bernardo Carro, conselleiro do Banco Español do Río da Prata e parente de Pita. Todos eles debían andar detrás da alternativa "regionalista" para o distrito, que encabezaría este último. Pola mañá, os mozos da organización Los Exploradores realizaron na Praza do Campo a promesa á bandeira española, con misa, bendición e desfile. Resulta curioso consignar o protagonismo dos irmáns Xaquín e Carlos Peña neste acto de patriotismo español (a madriña foi Victoria Peña, quen entregou a bandeira ao xefe da tropa, o seu irmán Xaquín, e no desfile portouna o outro irmán, Carlos) e alleos aínda á Irmandade da Fala, na que militarán poucos meses despois. Pola tarde tivo lugar no Alfonsetti o acto cumial dos Xogos, baixo a presidencia das autoridades locais, acompañadas polo Marqués de Figueroa e o Alcalde da Coruña, Abad Conde. A raíña dos Xogos e as súas damas vestían o traxe popular galego. O presidente da Irmandade, Vales Villamarín, abre o acto, intervindo a continuación Pita Espelosín, mecenas dos Xogos, quen falando en nome da Irmandade, fíxoo en castelán. Procedeuse logo á apertura dos pregos co veredicto do xurado, quen deixaría deserto o primeiro premio de poesía. Posteriormente intervén Vázquez de Mella cun discurso na súa liña tradicionalista-rexionalista, alleo ao ideario das Irmandades, diferenciando entre o sentimento rexional e o da patria española e extendéndose en "largas disquisicións filosóficas y metafóricas para concretar el amor a la región en derivación con el amor nacional" (20). O evento rematou co himno galego, executado pola Banda Municipal e coreado polos irmáns da fala e "por el gentío".

Os traballos premiados habían ser editados nun libro memoria (21) posteriormente,

(19) *ANT*, nº 59; A Coruña, 30-VI-1918. Irónicas alusións a Agustín García Sánchez, ao seu curmán César Sánchez Sanmartín, ao fillo deste, a Víctor Naveira Pato e a Federico Pita. Moitas alusións para tan poucas liñas.

(20) *La Voz de Galicia*, "Las fiestas de Betanzos", 18-8-1918.

(21) 1918. Xogos Froraios de Betanzos. Imp.de Manuel Villuendas. Valdoncel, núm 50. 1918. 123 pág con ilustr.

que tamén pasará as súas vicisitudes como despois veremos, xunto cos discursos de Federico Pita -en nome dos organizadores- e do maritendor Vázquez de Mella, precedidos por "Unhas verbas" a xeito de presentación, de Vales Villamarín. No apartado artístico obtiveron premio García Raul, Martínez Vázquez, Portela e o betanceiro Xosé Veiga Roel, máis os seus traballos non foron reproducidos no libro. Os traballos premiados na sección literaria foron os seguintes:

-*Canto a Galicia*, poema de Francisco Sánchez García, que obtivo accésit.

-*Reseña histórica de los monumentos y obras de arte que existieron y existen en Betanzos*, de Angel del Castillo.

-*El problema agrario en Betanzos. Su resolución*, de Lois Peña Novo.

-*Influencia de la lengua gallega en la formación del castellano*, de Uxío Carré Aldao.

-*Exigencias ferroviarias de Galicia y necesidad de resolver este problema*, de Constante Amor Neveiro.

O librño completábase -aparte de varias fotografías- cun artigo de Rodrigo Sanz, solicitado a xeito de colofón, titulado "¡Terra a Nosa!". Unicamente o poema que obtivo accésit e o colofón de Rodrigo Sanz -este nunha ortografía fonética- estaban escritos en galego. Fraco servizo facía a Irmandade betanceira á causa da lingua galega con estes xogos. O asunto escocía aos máis puristas e ANT fai duros ataques contra os irmáns betanceiros, presididos por Vales, por deixarse "conquerir parvamente". Nun artigo titulado sintomáticamente "Os xogos, xogos son", acusa:

"...No fondo das froles dos xogos, vimos un xogo pra conqwerimento dunha acta electoral... rexionalista, garcipretista, figueroísta e aínda máis tomando por mingo o galeguismo. E os Zentros que comulguen con rodas de muíño, poden faguer o que lles pete". (22)

Incluso a Irmandade da Coruña, tan vencellada á de Betanzos, chegou a tentar o boicot, non asistindo ao acto do discurso e entrega de premios. *La Voz de Galicia* facíase eco desta notable ausencia, "que ha sido muy comentada", e ANT xustificábaa, xa que

(22) ANT, n° 64; 20-VIII-1918.

(23) ANT, n° 64; 20-VIII-1918.






Fig. 10.- Algúns modelos de recibos. AMB.

"As Irmandades nasceron pra nacionalizar a Galicia. (...) sempre que as Irmandades actuaron foi co a fala por diante. A semana rexionalista de Santiago, derradeiro exemplo. En Betanzos -ben que falara Mella en castelán- pero o que no nome da Irmandade falaba ¿como sendo irmán e galego podería deixar de falar en galego? Como as bases dos xogos, orgaizados pola Irmandade, estando escritos en castelán, haberían de inspirar-nos interés a nós?" (23)

Este asunto crea fondas diverxencias entre os irmáns betanceiros -algúns deles aínda moi vencellados por amizades e intereses aos representantes locais da "vella política" da Restauración- e provoca o abandono de Francisco Vales Villamarín, Presidente da Irmandade e responsable máximo da organización dos Xogos. Así "Un bó irmán", suponse que en oposición aos "maos irmáns", envía a *ANT* unha "Postal de Betanzos.Frescura de verán", censurando a intervención do mecenas dos Xogos:

"Pita Espelósín, galeguista de fondo y forma -verbas por il cebadas n'a Irmandade de Betanzos- dixo, no seu discurso centralizador lido n'os Xogos Frorais d'aquilo pobo: Galicia no necesita ser redimida porque nunca fue esclavizada: sólo tuvo por carcelero el amor al terruño. La unidad de España es el ideal de Galicia..." (24)

As verbas de Pita -por outra parte lóxicas nun home de longa tradición militar- contradécianse abertamente co ideario irmandiño e a súa idea rectora de redención de Galicia. A pureza primixenia do movemento irmandiño estaba en xogo e o oportunismo de certas persoas criaba fisuras no seu seo, nun momento en que a ideoloxía do nacionalismo galego aínda estaba nacente. Lembremos que non será ata uns meses despois destes Xogos Florais, en Novembro de 1918, que as Irmandades se doten dun ideario e dun programa político xurdido da Asemblea de Lugo. Por outra banda, problemas similares íñanos tódalas Irmandades naqueles momentos iniciais. Persoeiros tan coñecidos como W.Fernández Flórez e o Marqués de Figueroa serán louvados ou criticados por *ANT* segundo se amosasen máis ou menos rexionalistas. Uns meses antes, Federico Pita aínda era louvado nas páxinas de *ANT*, apoiando as súas pretensións de acadar a acta de deputado polo distrito:

"Federico Pita Espelósín conseguiu para Betanzos unha granxa agrícola, caladamente e sin propaganda. Pita non é o deputado por Betanzos pero merecía selo. O que exerce o cargo non fixo nada polo distrito". (25)

(24) *ANT*, n° 65; 30-VIII-1918.

(25) *ANT*, n° 55; 20-V-1918. O deputado polo distrito de Betanzos era nese intre o liberal Xosé Sánchez Anido, quen derrotara a Víctor Naveira Pato.

(26) Dato facilitado no seu día por Vales Villamarín ao autor.

Unha visión máis subxectiva deste asunto dos Xogos ofrécenola un anónimo escrito á man que figura nun exemplar do libro *Xogos Frorais de Betanzos.1918*, que se atopa na Real Academia Galega (signatura n° 5303):

"D. Federico Pita animado por la circunstancia de tener algunos parientes en Betanzos pretendió ser diputado a Cortes por esta circunscripción y a tal fin fomentó la entidad titulada Irmandade da Fala, constituida por algunos jóvenes entusiastas, ayudándoles en estos juegos Florales a los que no podían concurrir los enemigos políticos del citado Sr., que eran la casi totalidad de los vecinos y todas las personas de mérito de la localidad. Los trabajos premiados no fueron en general del agrado del pueblo si se exceptua la meritísima labor del sr. Castillo y el notable estudio del Sr. Carré Aldao, que bien merecía al frente el retrato de su autor. Los premios otorgados a los trabajos gráficos lo fueron en su mayor parte con notoria injusticia, como era de temer en un certamen de 'tendencia política' aunque los irmáns da fala estaban eliminados del jurado o reemplazados por el secretario. El Distinguido orador Sr. Mella no quiso enviar la segunda parte de su discurso. El Sr. Pita visto su fracaso, como candidato, no tardó en indisponerse con los Irmáns y el tipógrafo que imprimió este libro se quedó sin cobrar. Aunque la portada tiene la fecha de 1918 la obra no vio la luz pública hasta enero de 1920."

En efecto, o tipógrafo que imprimíu o libro foi Manuel Villuendas Pena, socio da Irmandade. Ao non cobrar os cartos da impresión decidíu vender directamente a publicación. En 1923 aínda a anunciaba en *Rexurdimento* ao precio de 1'50 ptas. O retraso da publicación, entre outras causas, foi debida a que Vázquez de Mella, mellor orador que escritor, non daba pasado á escrita o seu discurso e íao deixando e dando largas (26). De feito, o discurso reproducíuse incompleto e rematouse, "por haber sufrido extravió las cuartillas correspondientes al resto de la brillante oración ..." cunha síntese recollida da prensa coruñesa.

As valoracións que fai o anónimo "crítico" da calidade dos traballos é discutible. Non

Mariñans:

O Domingo que ven, dia 3, ás catro da tarde, á «Irmandade da Fala» de Betanzos, composta d' un fato de rapaces ateigados, d' amor á terra é libres do noxento estigma de *caciques* ou de *criados dos caciques*, farán, acarón mesmo da Casa-Auntamento de Bergondo, un mitin de carauter rexionalista, doutrina qu' alguén predicouvos de beizos pra fora, sin ter en conta que vos sabiades coma iles qu' o seu ideal radicaba na boca da panza é qu' eran, ¡malpocados!, famentos lobos con pelexas de sinxela ovella.

Non todol-os que falan de moralidade teñen á concencia limpa, nin todol-os que mentan, á cotío, as verbes «oligarquía» é «opresión» son bôs espellos de cibdadania. Hai, pois, que limita!-os terreos, faguerdo saber, ós que non están ó tanto, quen sirve o pobo é quen ó engayola.

Fillos das Mariñas, terra a nosa...



Fig. 11.- Proclama. Arquivo Vales Villamartin, 6-3, AMB.

coñecemos os traballos que non foron premiados, mais ao noso xuicio, entre os que resultaron premiados -ao marxe da lingua en que estean escritos- hai traballos importantes para o momento. É o caso de *El problema agrario en Betanzos* -escrito en español, curiosamente, por un dirixente da Irmandade da Fala da Coruña-, de referencia obrigada cando se fala da agricultura nas Mariñas betanceiras, ou o de Amor Neveiro sobre os ferrocarrís galegos, problema de moita importancia naquel momento. En todo caso, é patente o resentimento do anónimo comentarista contra Federico Pita, ao tempo que deixa clara a utilización e intento de manipulación da Irmandade en proveito do frustrado aspirante a deputado. Por certo, compre dicir que a maioría dos irmandiños non podían votar por Pita, anque quixeran, pois eran menores de 25 anos, idade mínima daquela para ter dereito a voto.

A "indisposición" de Pita cos irmáns betanceiros revela que estes remataron decatándose da utilización -consentida ou non- de que foran obxecto ou que a aquel, despois do seu fracaso electoral, xa non lle interesaban estas relacións tan pouco rendibles. Pita Espelosín demostrará nas súas colaboracións na prensa a súa verdadeira faciana e *ANT* poñerá na picota a través da chusca e satírica sección "Peñeirando":

"O señor ASUBIA (traducide ó castelán a verba) fai tempo que está desenmascarado. Quere pescar troitas no MANDEO dende a villa-charca-cortesana sin mollar os pés. Pois as troitas galegas teñen moita escama." (27)

Pita adicarase a escribir unha noveliña, *La ciudad de Brigo* (28), que publica ao ano seguinte, xa de volta en Madrid, e na que, baixo unha capa de sentimentalismo, escepticismo e costumismo, reconece o fracaso do seu intento "redencionista" diante do poder constituído e a indiferencia do pobo.

(27) *ANT*, nº 81; 15-II-1919.

(28) *La Ciudad de Brigo* (páginas de Galicia), por Federico Pita. Madrid, 1919.

(29) Nunha conversa sobre este tema con Vales Villamarín en 1981, este afirmou que abandonara a Irmandade da Fala por considerar que o movemento adoptaba un carácter nidamente político, alonxado do estritamente cultural do comenzo, que non compartía. Non aludiu, porén, ao problema suscitado polos Xogos Florais de 1918.

(30) *AMB*. "Libro d'aitas da Irmandade da Fala. Composto de 195 folios dende un ó cento noventa e cinco inclusivos". Só se conservan follas soltas que recollen as reunións e acordos da Directiva entre o 30-X-1918 e o 28-IV-1919.

Aquela primeira Irmandade da Fala provisoría que entrou en crise polos polémicos acontecementos que envolveron aos Xogos ficou inmediatamente descabezada: ás mortes de Antón Fiaño Miravalles, Conselleiro 2º, e de Xaquín López Pita no andacio grial do 18, súmase a baixa do Conselleiro 1º, Vales Villamarín, quen abandona a militancia (29). Dous meses e medio despois dos Xogos Florais, a Irmandade reorganízase e, como se os seus integrantes quixesen esquecer a actuación pasada, voltan constituíla de novo, tal como figura no seu Libro de Actas, na páxina que inaugura o mesmo e no que non hai referencia algunha á anterior Irmandade: "Na noite do trinta de Outono do ano mil novecentos dzaaoito, ficou constituída, d'un xeito definitivo, a Irmandade da Fala de Betanzos" (30). Apróbase un regulamento e elíxese un consello provisional ata o primeiro de Abril do seguinte ano, con Xosé Ferreira de Conselleiro Primeiro e Xosé Vía Golpe, de secretario. Ata Xaneiro do ano seguinte o goberno civil non aproba a legalización da sociedade, polo que o 16 dese mes elabórase unha nova acta fundacional -esta en castelán a efectos legais- para enviar ao Gobernador. Mais aínda existe outra acta de "constitución de xeito definitivo", datada o 28 do mes de Novembro de 1920 e na que figura un novo consello directivo presidido por Anxel Ramos Lacaba -quen xa formaba parte do anterior Consello- e con Lois Ares Castro desempeñando a función de secretario. Esta Irmandade reorganizada terá actividade ata finais de 1921, en que se sumirá durante uns meses nunha hibernación, agardando o desenlace do enfrentamento interno que sosteñen os dous sectores das Irmandades.

Ao pouco tempo da refundación, a Irmandade aparece afianzada como unha das máis estables e organizadas. Algúns irmáns betanceiros empezan a colaborar en *ANT* e á I

Asemblea Nazionalista, en Novembro de 1918, acoden seis representantes. Tamén levan adiante unha campaña de teatro galego e contan cun céntrico local social. *ANT* troca os aldraxes en eloxios: A Irmandade betanceira pasa a ser unha "xuntanza galeguista exemplar" e, noutra ocasión, o órgano coruñés falará "dos nosos amigos betanceiros que son modelo de rapaces galeguistas".

A campaña do teatro galego

Perante os anos 1919, 1920 e 1921 a Irmandade da Fala betanceira leva a cabo unha chea de actos publicitarios e culturais: mítines, chamamentos ás mulleres, representacións teatrais, recitais, conferencias, exposicións de pintura... Lembremos algúns dos conferenciantes que a Irmandade trouxo a Betanzos: En Nadal de 1917, nas vísperas da chegada dos rexionalistas cataláns a Galicia, falou Lois Peña Novo, con "grande éxito". Outras conferencias foron a do agrarista de Ortigueira Leandro Pita Romero en Xaneiro de 1918 e a de Fernando Ossorio sobre o teatro portugués. Máis interese para os acontecementos posteriores e posicionamento da Irmandade ten a presenza de Vicente Risco, quen fala no Alfonso Setembro de 1921 sobre o programa nacionalista e de "Pobos burgueses e pobos proletarios". En Nadal de 1919 preséntase ao público, no medio dunha velada teatral celebrada no Alfonso, o coro da Irmandade, dirixido polo director da Banda Municipal Xaquín Martí, que interpretou o himno galego a tres voces.

De todos os xeitos as actividades culturais máis importantes van ser as relacionadas co teatro galego, dentro da laboura das Irmandades, que estaban a levar en toda Galicia unha gran campaña de promoción e creación -dado que practicamente non existía- do teatro galego.

As Irmandades concédennle unha grande importancia ao teatro, considerándoo un medio doado de concienciación lingüística. Deste xeito, impulsan en 1919 a creación do *Conservatorio Nazonal de Arte Galega*, na Coruña, que pasará a chamarse, en 1922, *Escola*



Fig. 12.- *Xogos Frorais*. Portada do libro.

Dramática Galega, dirixida por Lois Carré Alvarellos. Outras Irmandades, entre elas a de Betanzos, crearán Agrupacións artísticas e *Cadros de Declamazón*. A importancia desta campaña en prol do teatro galego, é en palabras de Carré, "a máis intensa en realizacións do teatro galego, pois chegaron a se facer cen representacións por ano das mellores obras rexionais e algunhas portuguesas, no seu propio teatriño e noutros grandes escenarios da Coruña e doutras cidades de Galiza" (31). *ANT* resumía o labor do ano 19 no eido do teatro: "No ano 1919 celebráronse 52 representacións de obras galegas" e incluía á Irmandade betanceira entre as que máis se distinguiran no seu labor de "propaganda e constancia". Nese ano representáronse en Betanzos, polo menos, 10 obras galegas: *Enredos* -que precisamente se estreou no teatro Alfonso o 28 de Febreiro do ano citado- (32), *Pra vivir ben de casados* e *Noite de ruada*, de Leandro Carré Alvarellos;

(31) Citado por Lourenzo e Pillado Mayor: O teatro galego. Edc do Castro. Sada, 1979.

(32) *Enredos*, comedia en dous actos. Biblioteca Terra a Nosa. Volume 6, Vigo 1919. Estrenada en Betanzos, Teatro Alfonso, 28-2-1919. Premiada pola Irmandade da Fala.

Norte, de Fernando Osorio; *No íntimo*, de Xacobe Casal; *Unha anécdota*, do portugués Marcelino Mezquita; *O miñado e máis a pomba* e *O embargo*, de Avelino Rodríguez Elfas; *O Pazo*, do sadense Lúgrís Freire, e *Andacio*, do irmán betanceiro Xosé Ares Miramontes. Ao ano seguinte continuou a actividade teatral cun número semellante de obras representadas, entre elas a estrea no Alfonsetti o 13 de Marzo da obra de Leandro Carré, *Tolerías* (33). Polo regular, son obras curtas e de poucos personaxes, de maneira que se representaban varias en cada velada, repetíndose algunhas dunha para outra.

Xa en Novembro de 1918 a directiva da Irmandade acordara organizar unha velada "co ouxeto de dar á coñecer o teatro galego e reunir fondos pra Irmandade". A tal fin designouse unha comisión formada por Xosé Ferreira como director de escea e Xosé Ares Castro. Constituído o Cadro de Declamazón e após dos ensaios previos, a primeira representación tivo lugar o 4 de Xaneiro de 1919. Dende o comenzo xa debían figurar mulleres no Cadro, pois na xunta directiva do 27 de Xaneiro de 1919 acórdase facer un agasallo "-consistente en un símbolo das Irmandades pra clavillo ou imperdible que se encargarán á un prateiro"- ás rapazas que actuaran na primeira velada (34).

Moitos ou poucos, a Irmandade contaba cos ingresos das veladas teatrais para a súa financiación. Neste senso, temos noticia do ingreso rexistrado o 28 de Febreiro de 1919, o día da estrea da obra de Leandro Carré, *Enredos*, que ascendeu a 214,75 ptas, o que denota unha grande afluencia de público, tendo en conta os precios da época.

Ademáis das representacións que se fixeron en Betanzos, tamén a Irmandade organizaba a través do seu Cadro de Declamación representacións en Sada e noutras localidades próximas. Nas representacións que se facían en Betanzos o escenario empregado acostumaba ser o teatro Alfonsetti, de propiedade municipal e rexentado neste momento polos irmáns da Fala Xosé Ferreira e Lois Ares. As "Veladas Artísticas" -tal como se chamaban- que organizaban as Irmandades adoitaban ser

algo máis que simples representacións teatrais. Nas veladas tentábase estimular o sentimento galeguista, dirixindo unhas verbas iniciais aos asistentes e rematando co himno galego. O Cadro de Declamazón da Irmandade era requerido moitas veces para participar en veladas con fins benéficos que se celebraban na localidade, proba da importancia e avantaxe que tiña o teatro como espectáculo de masas naquel intre -coa única competencia do cine mudo- nunha pequena cidade. Xa pouco despois das primeiras representacións, o Cadro de Declamazón era solicitado pola Coñiza Económica, entidade benéfica, para organizar unha velada. En Novembro de 1919, Xosé M. Deus, membro do Casino Aresano, comunicalle ao Cadro de Declamazón que a sociedade cede os salóns do Casino para representar unha obra, quizais ofrecida polo grupo teatral, coa limitación de que os betanceiros se encarguen da propaganda, pois o pobo de Ares "está dividido" dende hai catro anos e o Casino non ten dispoñibilidade económica para cubrir os gastos por sí mesmo. Unha das aportacións máis relevantes da Irmandade de Betanzos a esta campaña a prol do teatro galego foi a convocatoria dun concurso literario de obras de teatro en Xuño de 1919. Prevíanse cinco premios para outras tantas obras inéditas e en galego, consistindo o primeiro premio en cen pesos da época, inada menos! Os seguintes premios eran en obxectos en vez de cartos. O certame pechábase polo San Martiño. Descoñecemos exactamente que obras foron as gañadoras e, en especial, cal se levou os 100 pesos, aínda cando "foron moitos os traballos presentados ó Certame de Betanzos", segundo ANT. Debían andar fortes os rapaces betanceiros, que estaban a botar a casa pola fiestra, a xuzgar polo que nos conta o boletín irmandiño:

"Logo, abrirá a mesma Irmandade de Betanzos outro concurso cun premio de 400 pesos pra mellor novela en galego. Tendo en conta a cantidade dos premios, o concurso teatral foi o máis importante de Galicia. E o concurso de novelas será un dos máis importantes da Hespaña" (35)

(33) *Tolerías*, pasatempo nun acto, en prosa. Litogr. e Imp. Roel. A Coruña, 1917. Estreada en Betanzos, Teatro Alfonsetti, 13-3-1920. Irmandade da Fala de Betanzos.

(34) AMB. "Libro d'aitas da Irmandade da Fala".

(35) ANT, n.º 104; 5-XI-1919.

Ilusión non faltaba. Do concurso novelístico non se voltaría oír falar, ficando seguramente nun proxecto frustrado. E o certame teatral resultou dabondo enrevesado e polémico, polo menos en canto á súa resolución.

En Febreiro de 1920 "Un concursante" escribíalle ao Presidente da Irmandade queixándose pola tardanza en resolver o certame: "¿Ou é que ficou a cousa en pormesa de premeo soyo pra ter vostedes obras que representar?...". A Irmandade víase obrigada a publicar un aviso en *ANT*, tranquilizando sobre a demora do veredicto, que axiña se fallaría e disculpando a tardanza por mor de que o prazo de presentación fora ampliado e por dificultades dos membros do xurado, que residían en diferentes cidades, para ler as obras e pasalas uns a outros. Se coñece que daquela non se pedían varias copias e o autor só mandaba unha, ou que ao mellor aos do xurado non lles animaba moito a lectura das obras.

O 18 de Setembro, o Presidente recibe outra carta de Ricardo Frade Giráldez, na que lle envía selos de correos para que lle remesen a obra titulada *¡Vaites, vaites!* presentada ao concurso "que había de efectuarse n-o mes de San Martiño". Mais esta misiva cruzárase coa que a Irmandade lle enviaba ao autor o día 16 participándolle que viña de ser premiado polo xurado. En vista diso -a cousa cambiaba-, Frade volta comunicar o día 19 que desiste de retirar "a miña cativa obra" e que den por non recibida a carta do día anterior. Explica que obrara así ao escoitar que o certame non se fallaría ou ía ficar deserto pola falta de calidade das obras e por iso demoraban en dar a coñecer o fallo. Desta volta remataba cun "*¡Terra a nosa!*", a xeito de despedida, quizais por terlle dado azos patrióticos a noticia do premio.

Outra mostra da polémica e dos problemas nos que se viu envolto e deslucido o certame tan trunfalmente anunciado, ofrécea unha carta datada o 24 de Setembro de 1920, enviada polo membro do xurado, Cabeza de León, en contestación a Anxel Ramos, presidente da Irmandade. Este comunicarlle ao profesor que



Fig. 13.- Membros da Irmandade portando a bandeira.

os autores reclamaban as obras e don Salvador contéstalle que dúas das obras presentadas fóranlle solicitadas por apoderados dos autores e non llas devolveron, polo que xa non obraban no seu poder.

Mais a cousa non rematou aí, pois o 10 de Abril do ano seguinte, Ricardo Frade volta á carga solicitando da Irmandade unha resolución sobre a súa obra, supostamente premiada. Non fica claro, porén, se a resolución solicitada se refire ao fallo do concurso ou a unha posible publicación da obríña (36). Fallo debeuno haber polo que se deduce dunha carta enviada, uns días antes que a de Frade, pola sociedade coral "Queixumes dos Pinos" de Lavadores (daquela concello independente e hoxe anexionado a Vigo), na que solicita obras teatrais que levaran premio no concurso da Irmandade, citando entre elas *A xusticia pol-a man*, para representar, ao tempo que protesta

(36) "O escritor costumista Ricardo Frade Giráldez, morto en Santiago de Compostela en 1939, é autor das obras de teatro *¡Vaites... Vaites!* (Santiago, 1925) e *O rei da carballeira* (Santiago, 1932). A primeira é un sainete nun acto; a segunda, unha comedia dramática en tres. Ambas obras están en prosa. Frade escribiu tamén poesías e contos". R. Carballo Calero: *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia, Vigo, 1981, páx 513.

por non ter resposta a outra carta enviada anteriormente. Esta obra era da autoría do capitán de infantaría Xosé Castro Lens e parece que obtivo un dos premios do concurso, sendo estreada en 1922 no teatro Linares Rivas da Coruña.

A actividade teatral da Irmandade de Betanzos continuou en anos sucesivos, acadando aglutinar a un fato de mozos amadores do teatro que proseguíu coas representacións teatrais galegas, aínda despois da desaparición das Irmandades, nos anos da República, representando obras como *Trebón e Beiramar*, de Cotarelo Valledor (37) e entre eles temos de destacar a Fernando Fiaño Miravalles, as irmáns Pura e Emilia Varela e o director do grupo Leandro Pita Lasantas, un ortigueirés que casou en Betanzos.

Os nacionalistas betanceiros e a muller

Nos estatutos da Irmandade da Fala contéplase a presenza de mulleres: "Co-as mulleres que ingresen n-ela, formarás unha sección feminina que se rexirá por sí mesma, nomeando de seu unha directiva igual á da Irmandade, si ben o Presidente d'ista será común a ambas", recolle o artigo VIII e, a maior abundamento, o artigo IX di que "Donde non haxa Irmandade da Fala, as mulleres poiden créala. Dita Irmandade terá a mesma autoridade que si fora d'homes".

Entre os asistentes á constitución da Irmandade da Fala da Coruña non figura ningunha muller. Tampouco hai constancia da existencia de mulleres na constitución doutras Irmandades, nen nas Asembleas Nacionalistas. A primeira referencia á muller nas páxinas de *ANT* ten lugar o 30 de Maio de 1918, no número 56, cando reproduce unha "Carta exemplar" de mulleres de Sada, "encravada nas ridentes mariñas", que envían á Irmandade da Coruña 150 pesetas e unha lista de suscripción para a recolleita que a Irmandade coruñesa estaba a facer coa fin de adquirir unha luxosa bandeira galega. O boletín irmandiño encabeza a noticia co titular "800 mulleres galeguistas", que máis ca sensacionalista e esaxerado semella unha errata, introducindo un cero demáis no

número de mulleres.

A primeiros de 1919, *ANT* (38) informa dos primeiros intentos de organizar ás mulleres nas Irmandades: "Na Estrada, coma na Coruña e en Betanzos, as mulleres comencian a sentiren o nazonalismo e inician organizacións". Mais semella tratarse dun reducido número de mulleres, vencelladas aos irmandiños por parentesco: donas, mozas ou familiares deles. En todo caso, parece que somente a Irmandade coruñesa -a máis numerosa e, polo tanto, a que potencialmente podía reunir máis mulleres arredor do seu circo- chega a constituir unha "Sección Feminina" que acadará algo máis dun cento de asociadas, segundo *ANT*.

Seguindo este exemplo coruñés, a Irmandade de Betanzos espalla en Marzo de 1919 unha folia impresa facendo un chamamento ás mulleres daquela vila para que constituían unha "sección feminina" similar á coruñesa (39). Este texto debeuno escribir Antón Villar Ponte polo que se desprende das actas da Irmandade, que recollen o acordo adoptado na xunta celebrada o 10 de Febreiro dese ano de solicitarlle a Villar Ponte un escrito "pra imprimarmos eiquí dirixido as donas betanceiras co oxeto da formación da Irmandade feminina".

Escaso eco debeu atopar este "Chamamento" entre as mulleres betanceiras. Se a asunción do galego e da cultura enxebre, vilipendiadas polas clases medias e altas, podía xustificarse en mozos da burguesía como un certo esnobismo, resultaba impensable -por educación e "bo tono"- nas mulleres e mozas pequeno-burguesas e mesmo nas das clases populares que aspiraban a ascender na escala social a través dun casamento avantaxoso. Ademais, nas mulleres das camadas populares -na súa maior parte analfabetas- que empregaban o galego non por esnobismo ou convencimento, senon como lingua propia da súa clase e medio social, dificilmente podía callar a mensaxe das Irmandades, dirixida a minorías cultas. Un membro da Irmandade, asinando co pseudónimo "O Abade Aio", recoñecía este feito:

(37) X.R. Núñez Lendoiro: "Trebón, Beiramar e Betanzos", en *La Voz de Galicia*, 17-V-1984.

(38) *ANT*, nº 77, 6-1-1919.

(39) *ANT*, nº 84, 25-3-1919

"Temos un elemento contrario, que é /a/ maoría das mulleres das poboacións. 'Brutos, no hableis gallego', dinlle aos seus fillos as que os teñen. E as mozas solteiras, eu non sei si hipócritamente ou non, dín que son antipáticos os que falan gallego" (40).

As escasas mulleres que se movían ao redor dos homes da Irmandade de Betanzos nunca chegaron a constituir unha sección feminina, inda que si formaban parte dun Coro e do Cadro de Declamación da Irmandade, máis en consonancia coas súas motivacións artísticas e sentimentais.

En Xaneiro de 1920, o irmán betanceiro Xosé Vía Golpe escribe en *ANT* sobre "Unha esperanza. A muller e os seus dereitos". Nun momento no que se escomenza a falar do voto feminino, Vía Golpe insiste no conqwerimento dos dereitos da muller, cousa que os nacionalistas contemplan no seu programa. Eses dereitos, para Vía Golpe, quen responde aos planteamentos da época, condénsanse no dereito a voto e nunha educación "axeitada" para a muller. Non concibe como a muller "que é espiritualmente máis grande qu-o home" estivo tantos séculos sen dereitos e nunha condición de inferioridade respecto do home. Con todo, confía, seguindo o sentir galeguista, no papel reivindicativo e rebelde da muller campesiña fronte á pasividade das mulleres vilegas, influenciado polo protagonismo que as mulleres labregas viñan de ter en revoltas populares como as de Nebra e Sofán, que cita expresamente.

Os nacionalistas betanceiros voltan facer un chamamento "ás mulleres brigantinas" a través do boletín *Rexurdimento* (nº 3; 1-IX-1922), que volve insistir no número 4, co titular "Non debemos esquecer a muller", sobre a necesidade do protagonismo feminino "na certeza que temos de que, as galegas, son as que levan na ialma, entre todas as mulleres que están baixo os Pirineos, o máis outo grado de liberdade" (41).

As relacións co Goberno Municipal

Nun comenzo as relacións da Irmandade da Fala co Concello foron fluídas, cousa lóxica

Aniversario da morte d'Antón Fiaño Miravalles

O día 15 do derradeiro, con motivo de cumprirse o primeiro aniversario da morte do joven D. Antón Fiaño Miravalles, a Irmandade da Fala de Betanzos, adicou á súa memoria un recordo íntimo. O Consello Directivo e irmans foron ao cimiterio d'aquel pobo a depositar, sôbor da tumba onde acougan os restos do que foi dino vicepresidente y entusiasta galeguista, unha coroa de frores naturaes.

Non podía pasare inadvertido para os irmáns de Betanzos o aniversario da morte de quen, como Antón Fiaño, foi un dos mais entusiastas fundadores d'aquela Irmandade; un nazonalista forte, a quen non podemos lembrar sin unha fonda tristeza.

Dende istas colunas enviamos á familia do finado, co'iste motivo, o pésame mais sentido, que aquela Irmandade fixo presente xa.

Fig. 14.- Nota no aniversario da morte de Antón Fiaño. A Nosa Terra, nº 102, 5.X-1919.

dada a moderación inicial deste grupo e as relacións sociais e de amizade dos seus integrantes cos membros dos diferentes clans políticos que primaban por entón na cidade. Mais o progresivo posicionamento anticaciquil e o apoio a Federico Pita -ou a utilización que este quixo facer da Irmandade- para a súa frustrada campaña rexeneracionista no distrito, puxeron en garda aos políticos oficiais que controlaban o poder municipal. Os mozos da Irmandade comenczan a ser vistos como nemigos que cuestionan a orde política existente, aínda que sen a forza necesaria para combatala.

Meses antes dos Xogos Florais de 1918, o presidente da Irmandade solicitaba ao Concello unha subvención para eles. Este acordou, por unanimidade, na sesión do 6 de Abril, outorgar un premio consistente nunha escribanía de prata (valorada en 203 ptas.) ao mellor traballo en prosa sobre o tema "Importancia estratégica de Betanzos, como centro de comi-siones militares". Quizais este premio outorgado polo Concello se trasvasou a outro

(40) O Abade Aio: "Carta Betanceira. Adiante", en *ANT*, nº 99; 5-IX-1919.

(41) *Rexurdimento*, nº 4, 16-IX-1922.

tipo de estudo relacionado con Betanzos, xa que nos Xogos non se premiou ningún traballo sobre o tema escollido polos municipais.

En Novembro de 1918 o Concello, presidido por Agustín Leis, acordaba convidar á Irmandade, xunto coa Federación de Sociedades Obreiras e o grupo local dos Exploradores, a unha manifestación de xúbilo polo remate da Guerra Europea, a celebrar o domingo 7 de Novembro, presidida pola Corporación e acompañada pola Banda municipal e á que se invitaba, por medio dun bando, aos cidadáns a participar.

Poucos días despois, logo da celebración da I Asemblea Nacionalista, na que as Irmandades se dotan dun programa político e reivindicaban a Autonomía Integral para Galicia, a Irmandade betanceira solicitará do Concello a asunción desa reivindicación. Así, no pleno celebrado o 23 de Novembro, o concelleiro Santiago Moretón Simón entregou ao Alcalde unha instancia, "escrita en el dialecto gallego", que enviaba o Presidente da Irmandade da Fala Xosé Ferreira. Nela solicitaba que "arelando ó benestar do pobo que representan e da terra, Galicia, pida á autonomía integral da rexión Galega á somellanza do que fixeron os autamentos d'A Coruña Ferrol e coidamos farán-o tódol-os de Galicia". Unha vez lida a solicitude, esta pasou a ser debatida polos membros da Corporación presentes, que aquel día eran únicamente cinco. Esta cativa concurrencia aos plenos adoitaba ser frecuente nun momento de crise política institucional.

Despois dunha ampla discusión, adoptouse unanimemente polos presentes o acordo "de adherirse a la liga de las naciones propuesta por Wilson", atopándose dividida a opinión respecto a se solicitaban a Autonomía integral de Galicia -tal como propuña a Irmandade- ou se ademáis se pedía o réxime autónomo dos aranceis aduaneiros. Posto a votación o asunto, votaron a favor da primeira proposta tres concelleiros (Pita Pandelo, Moretón Simón e Sánchez Valeiro), mentres que os outros dous Novo Lagoa e o Alcalde Agustín Leis) optaron pola segunda. Ficou, pois, acordado por maioría solicitar a Autonomía integral de Galicia, dirixíndose a ese efecto ao Presidente do Consello de Ministros, así como participarllo á Alcaldía da Coruña -Concello que xa adop-

tara o mesmo acordo- "al objeto de lo tengan en cuenta al gestionar de los poderes públicos un asunto de tanta trascendencia para Galicia" (42).

Moi desnortados tiñan que andar daquela estes concelleiros, membros das faccións liberais e conservadoras, para aprobar un acordo deste tipo, ben alonxado das directrices que os seus partidos centralistas propugnaban. Nun clima de crise política institucional avanzada e despois da convulsión que significou a Guerra Europea, aínda para os países con estatus de neutralidade, coa reformulación de territorios e fronteiras políticas e a emerxencia das reivindicacións das minorías nacionais, todo era posible e as Irmandades tentaban aproveitar o momento.

Paseniamente a Irmandade vai adoptando unha postura máis crítica e combativa cara o goberno municipal, chegando ao enfrontamento aberto. A finais de Xaneiro de 1919 a Directiva irmandiña eleva unha protesta ao Concello polo acordo, adoptado o 25 dese mesmo mes, de proceder á tala dos magnolios existentes na Praza da Constitución, "considerando que isto é un aito feito por comenenza caciquil". No pleno do 1 de Febreiro débátese a petición da Irmandade -suscrita por Anxel Ramos e Xosé Vía e "redactada en gallego"- e outra asinada por 121 veciños no mesmo sentido que a anterior, suplicando que non fosen taladas as árbores e pedindo a nulidade do acordo.

En vista do descontento popular que aquela medida producía, os concelleiros Valentín Pita e Moretón -que defenderan no seu momento o acordo adoptado- solicitan agora a súa suspensión "por existir temores de que pueda alterarse el orden público". A tala ou trasplante dos magnolios fora solicitada por algúns veciños, e quizais dependendo da súa personalidade e preponderancia na vida local, explicase que o feito fose considerado como unha pequena cacicada máis por algúns sectores da poboación. Así cómpre entendelo máis que pensar nun grande amor polas árbores. O concelleiro Sánchez Díaz -quen non debía ser alleo á petición da tala- sostivo que as árbores causaban, efectivamente, perxucio aos veciños, pois a el mesmo cegábanlle o segundo piso da súa casa, segundo dixo, máis debía pre-

(42) AMB. Libro de Acuerdos, 1918.

valecer o interese público. Ao remate da discusión decidíuse por unanimidade deixar sen efecto o acordo anteriormente adoptado.

O medo que amosan algúns concelleiros diante dunha presumible alteración da orde pública, indica o descontento social co goberno municipal, motivado por actuacións moito máis graves que a tala de árbores. De feito o que se está a orquestrar é unha campaña anticaciquil na que a Irmandade da Fala vai participar activamente.

O 9 de Febreiro ten lugar un mitin de propaganda galeguista con presenza de Antón Villar Ponte e Peña Novo, entre outros vidos da Coruña, e no que aparte da propaganda vai estar presente a crítica ao goberno municipal. A Irmandade recibirá ao mes seguinte unha invitación do Comité Republicano para que contribúan á organización dunha campaña de mitines coas Sociedades Obreiras en protesta "pola administración e Aumentamento deste pobo". O Consello da Irmandade aproba unanimemente esta petición "así como cooperar en todos cantos actos anticaciquiles sexa necesario afrontar". Días despois acordan continuar a campaña anticaciquil ata que se consigan "resultados beneficiosos para iste pobo". O que se está a xestar é unha fronte de oposición cidadana a un sistema político clientelista e caciquil que se atopa sumido nunha profunda crise e sen credibilidade social.

O 23 de Marzo celébrase un dos mitines e a continuación dimito o Concello en pleno. Anxel Ramos, en representación da Irmandade, cos comisionados da Federación Obreira local e do comité republicano entrevistáronse co Gobernador civil para que acepte a dimisión da Corporación. *ANT* informaba así dos acontecementos:

"O concello de Betanzos, de feitura caciquil, foi obrigado a dimitir pol-a opinión pública d'aquel povo que ven dando exemplares mostras de cidadanía. Dimitiron tódol-os concellás, forzados pol-a vountá popular.

Unha comisión de veciños de Betanzos veu á Cruña para pedirle ó gobernador que abra unha información pública que dea logar á incapacitación e destitución d'aqueles concellás.

Os cargos edilicios, conforme á lei, son irrenunciabres. Os concellás betanceiros dimitiron por medo ó pobo. Pero ós caciques lles non convén

POL-O TEATRO GALEGO

O gran certame de Betanzos

Concurso literario de obras teatrais que se fará no mes d'outono próximo, organizado pol-a Irmandade da Fala de Betanzos.

PREMIOS

- 1.º 500 pesetas en metálico.
- 2.º Unha artística escribautá de prata cō seu estuche.
- 3.º Un ouxeto de arte, obra de Miguel Blay.
- 4.º Unha fermosa pruma d'ouro cō seu estuche.
- 5.º Un ouxeto de arte.

O xurado calificador que estará formado por señores culos nomes publicáronse oportunamente, poderá conceder ademais, premios honoríficos ás obras que ó seu xuício os merezan.

CONDICIOS

- 1.º Os traballos remíttrause esquritos por unha sola cara, ao Presidente da Irmandade da Fala de Betanzos, denantes do día 30 de Setembro próximo, datá en que rematará o prazo d'admisión.
- 2.º Cada traballo levará un lema, e n-un sobre pechado, con igual lema, acompañáranse o nome e señas do autor.
- 3.º O xurado no alto do certame, abríra tan solo ós sobres culos lemas correspondan ós das obras premiadas. Os demais orixinaes devolveríanse a quen os reclame.
- 4.º O tema das obras así como a sua forma e extensión, deixase da libre elección dos autores, non sendo admitidas outras que as que sexan inéditas e esquritas en galego.
- 5.º O Xurado calificador terá a facultade de decretar deserto ca'quera dos premios, non habendo ó seu xuício, obra merecente d'el.
- 6.º A Irmandade da Fala resérvasse o dereito esclusivo de representación das obras premiadas durante o prazo de dous anos, para o seu cadro de decramazón; as obras que non leven mais que premios honoríficos terá o dito cadro dereito a estrealas solasmente.

Fig. 15.- Anuncio dun "Concurso literario de obras teatrais". *A Nosa Terra*, nº 93, 5-VII-1919.

que se proceda á sua destitución.

Si os caciques imponen seu criterio, en Betanzos haberá escasas tristes." (43)

Días despois destes acontecementos, na asemblea xeral da Irmandade ao discutirse a memoria anual o socio Gómez Casal fai constar, en nome de varios irmáns, que non están dacordo coa actuación do Consello na cam-

(43) *ANT*, nº 84, 25-III-1919. 'O caciquismo en Betanzos'.

pañía contra do caciquismo. Adhírense a esta opinión algúns máis, que coidan que os señores representantes das outras entidades que tomaron parte no movemento, ou algún deles, estaban inducidos por determinado grupo de "caciques decadentes". Anxel Ramos defende a actuación da Irmandade e considera equivocadas as manifestacións dos descontentos por canto todos os oradores que fixeron uso da palabra no mitin combatiron a política de todos os "elementos de índole caciquil que existen n'iste pobo". Despois das intervencións, a memoria anual remata aprobándose, coa conformidade tamén dos que a combatían. Mais a dimisión do Concello non vai ter virtualidade práctica ao non ser legalmente aceptada. De feito, nas actas municipais non existe ningunha alusión a esta situación. Durante algúns meses apenas se celebran sesións da corporación por inasistencia da maioría dos concelleiros e as que chegan a celebrarse son de puro trámite. O funcionamento do Concello é completamente irregular ata que se anuncia convocatoria de novas eleccións para comezos do ano seguinte. Coa elección (parcial) dunha nova corporación presidida por Domingo Etcheverría Naveira, que toma posesión o 1 de Abril de 1920, a situación non mellora moito polos enfrontamentos internos dos seus membros. Uns meses despois, a maioría plantealle un voto de censura ao Alcalde, quen falto de apoios xa non volverá pisar o Concello. A crise política destes momentos, cos conseguintes cambios de gobernos, refléxase no Concello co nomeamento como Alcalde de Adolfo Sánchez Díaz por Real Orde en Abril de 1922, e a súa destitución ao ano seguinte co nomeamento de Domingo Etcheverría, tamén por Real Orde.

No medio desa dinámica municipal, o 20 de Xullo de 1921, a Irmandade solicita, por medio de Anxel Ramos Lacaba, que se coloque na Casa do Concello a bandeira galega á par da española nos días en que se ize. O Concello "acordó por unanimidad acceder á lo solicitado en la misma, y en su consecuencia instalar ó enarbolar al lado de la bandera nacional, la de la Irmandade da fala, y á petición del Sr. Sánchez Díaz enarbolar así bién, la de la matrícula de Betanzos". Ao secretario traicionou o subconsciente ao redactar o acordo,

trocando a bandeira de Galicia pola da Irmandade da fala, e o concelleiro Sánchez Díaz -quen sería alcalde ao ano seguinte- debeu pensar que, xa postos a izar bandeiras, era mellor poñer algunha máis.

A partir de Setembro de 1923, coa chegada da Dictadura e a ilegalización de feito das Irmandades, o Concello, a través do Alcalde nomeado polo novo réxime, será o encargado de transmitir e vixiar o cumprimento das disposicións restrictivas: prohibición do uso da bandeira galega, paralización da revista *Recurdimento*, prohibición de reunións e de calquer tipo de manifestación pública galeguista ...

A derradeira relación da Irmandade co Concello vaise producir despois da caída do dictador Primo de Rivera, durante as festas de Agosto de 1930, nun acto conxunto na casa consistorial para proceder a repoñer a bandeira galega e no que vai ter destacado protagonismo Adolfo Sánchez Díaz, quen viña de ser repostado como Alcalde. Acto este do que volveremos falar máis adiante.

A escisión das irmandades e posicionamento dos betanceiros

Aínda existindo unha unanimidade nos obxectivos a acadar, dende moi cedo vanse perfilando nas Irmandades da Fala dúas estratexias diferentes. Dunha banda os partidarios da participación electoral, doutra os contrarios a ela e aos pactos cos partidos españois. Estes dous sectores nucleáanse arredor da Irmandade da Coruña, os "políticos", e do grupo de Ourense, alcumados de "culturalistas". Para Beramendi (44), o apoliticismo e culturalismo do sector capitaneado por Risco non é tal, "senón un nacionalismo tan radical que o leva a afastarse dos mecanismos normais de participación política do sistema de Estado alleo". A estratexia a seguir, pois, para este sector sería a formación dunha grande forza política nacionalista que a través da propaganda e da concienciación chegara algun día a ser hegemónica en Galicia coa forza suficiente para esixir do sistema centralista un autogoberno para Galicia.

As diverxencias estratéxicas no seo das Irmandades agudizaranse en vísperas de convocatorias electorais. Os betanceiros parecen

(44) Beramendi, J.G.: o.c.



Fermosas nenas que compuxeron a Corte d' Amor no-s Xogos Froraes, tendo por fondo a bandeira da «Irmandade da Fala» donada polo Conselleiro honorario D. Federico Pita Espelosin.

Fig. 16.- Mozas betanceiras coa bandeira das Irmandades, no libro dos "Xogos Froraes" de 1918.

agardar por quen se decantar. Á III Asemblea Nacionalista (Vigo, 1921) non asiste ningún representante local, enviando comunicados de adhesión a Irmandade e Lois Ares a título persoal. Nesta Asemblea non se toman decisións sobre a polémica de fondo e a diverxencia segue latente. En tanto Risco vai gañando posicións no nacionalismo. Antón Villar Ponte e Quintanilla, contactos dos betanceiros dende

primeira hora, seguen a liña de Risco, quen dera en Setembro do 21 unha conferencia en Betanzos, traído polos irmáns. O seu prestixio é xa moi forte entre os nacionalistas, sobor de todo a raíz da publicación da súa *Teoría do nacionalismo galego*. Ademais, algúns membros da Irmandade local atópanse agora en Madrid rematando os estudos universitarios e integrados momentaneamente na Irmandade Céltiga

da capital do Estado, colectivo que asumirá as teses de Risco. Todas estas influencias fan que os irmáns betanceiros rematen poñéndose ao seu favor, non sen certas dúbidas.

Na IV Asemblea Nacionalista (Monforte, Febreiro de 1922) a escisión das Irmandades é un feito. Acordan pasar a chamarse I.N.G. (Irmandade Nazionalista Galega), coas súas correspondentes delegacións locais, non sendo a Irmandade da Coruña, que segue mantendo o seu nome en aberta oposición á liña risquiana. Por certo, a esta polémica Asemblea non asistiu ningún representante de Betanzos.

Nos meses previos á decisiva Asemblea de Monforte a Irmandade de Betanzos atópase un tanto paralizada, quizais froito da indecisión ou diferencias entre os seus compoñentes. Da Irmandade coruñesa escribenlle a Lois Ares en Xaneiro de 1922 propondo o envío dun telegrama ao Ministro de Facenda contra o pago dos dereitos da introdución do millo. Na Coruña dan por feito que a Irmandade de Betanzos non funciona: "Como (supoñemos) ahí non hay Irmandade rógolle a Vostede e demais irmáns na Causa que si están conformes secundan a nosa idea".

Unha vez celebrada a Asemblea de Monforte, o propio Risco, conselleiro Supremo, envíalle á Irmandade betanceira copia das actas da asemblea, indicando que aquela deberá enviar no prazo quince días conformidade expresa a cada un dos acordos adoptados e en consoancia, trocar o seu nome, pois do contrario ficaría excluída da ING. En vista de que non houbo contestación dende Betanzos, Risco escribelle a Lois Ares preguntándolle se aínda existe ou non a Irmandade local e, caso de existir, se acepta os acordos de Monforte. De atoparse xa disolta, preguntalle se hai algún irmandiño disposto a constituir unha Delegación da ING.

O grupo ourensán, que realmente é o que dirixe a ING, tenta presionar indirectamente sobre os betanceiros. Aproveitando a presenza dalgúns betanceiros na delegación madrileña da ING, diríxense a eles para que inflúan nos seus amigos e paisanos. Lois Ares, que é neste tempo de "impase" a quen se dirixe toda a correspondencia relacionada coa Irmandade,

de, recibía días antes do comunicado de Risco unha carta de Madrid do seu amigo Xaquín Peña, na que o convida a posicionarse a favor da ING, facendo de mediador a petición do dirixente ourensán Alfonso V. Monjardín.

O 11 de Abril a Irmandade de Betanzos notificáballe ao Conselleiro Supremo da ING que, "se ben algunhas d'elas poida que perxudiquen a esta Delegación dado o ambiente en que desenvólvese", aceptaba as decisións da IV Asemblea, tendo en conta que "foron acordadas pol-a maoría dos representantes das entidades nazionalistas da Terra, pois non queremos sermos causa de discordia e ademais si a nosa opinión é considerada xusta xa chegará a hora de modificar aquelas". Dase a entender que a nova estrutura organizativa, ou algúns aspectos dela, non satisfacía plenamente a todos os irmáns betanceiros, mais aceptábase como mal menor en tanto non se poidera modificar.

Estes reorganizáronse á fin como Delegación local da ING e en poucos meses estarán en condicións de sacar á rúa unha publicación.

A revista Rexurdimento

A necesidade de contar cunha publicación era evidente para un movemento que pretendía espallar as súas ideas e potenciar a lingua galega. Algúns irmáns betanceiros xa viñan colaborando en *ANT*. É o caso de Xosé Ares Miramontes, Xosé Vía Golpe e o que emprega o pseudónimo "O abade Aio". Mais as súas colaboracións deixarán de aparecer no órgano coruñés coincidindo co achegamento dos betanceiros ás posicións de Risco.

Betanzos xa tiña nesta altura toda unha tradición xornalística que se remontaba a 1883, se ben as únicas publicacións que existiran en lingua galega (*O Antroido*, en 1886, e *A Fuliada*, en 1887) xa ficaban moi lonxanas no tempo e ademais eran de corte satírico. Era, pois, unha incógnita o recibimento que tería unha publicación en galego e feita por "rapaces". Por outra banda, neste momento non existe ningunha outra publicación en Betanzos; a última (*Betanzos*, 1914) había oito anos que desaparecera (45).

(45) *El Censor* foi a primeira das 34 publicacións que existiron en Betanzos ata a aparición de *Rexurdimento*. Véxase: Torres Regueiro: "A prensa betanceira", I, II e III en Anuario Brigantino nº 7, 8 e 9 (Betanzos, 1983, 1984 e 1985, respectivamente).

ÁS MULLERES BRIGANTINAS

Na Cruña, e no seo d'aquela «Irmandade da Fala», xurdiu unha seición feminina, que foi crescendo pasenfiamente para abranguer pol-o derradeiro un importante desenrolo. Hoxe aquela seición feminina ten ó seu carácter traballos de fondo interés. Tomando o exemplo d'ela, véñense orgaizando xa n'outras vilas da terra agrupacións somellantes. E todo isto fainos coidar que a axuda da muller na loita santa pol-o erguemento da nosa personalidade colectiva que vimos sostendo cantos somos galegos dínos e conscentes, pode ser de fonda transcendenza.

A muller en todas partes—n'ista solemne hora da *post-guerra* vése ben craro — pero inda coma en ningures na Galicia, ten unha sagrada misión que cumprir. Xa non hay problemas unisesuales no mundo. Cantos problemas avalan á sofrida humanidade son problemas de homes e mulleres. Hastra agora as nosas mulleres só tiñan deberes, mais apenas dereitos. Como dixó aquela dona orgulo da raza, Concepción Arenal, a muller na Hespaña únicamente pode ser «reina ou estanqueira». Pero o Estado que lle non concede dereitos, eixíxelle en troques que contribuíra as cargas oficiais de xeito económico, coma se fose home. E dalle trato de home cando ela, recollendo e termando dos sentimentos do fogar e do agro, sai á praza pública para defendelos. Entón, e só entón, a lei, obra absolutamente masculina, recoñécelle o «dereito común»: o triste dereito a ser branco do mauser, como llo recoñece ós nenos. ¡Osera, Nebra, Narón, Sofán!...

E chegou a hora de reaccionar contra todo isto. Chegou a hora de pensar, mulleres galegas—o nós dirixímonos especialmente ás de Betanzos—, que dos dous millóns d'almas que alentan na nosa terra, preto do millón d'elas son almas femininas. Almas que sofren, loitan e traballan com'os homes e que sostituyen ós homes cando éstos botados para a emigración

saen do país, facendo de cabezaleiras de familia, de labradoras do sulco, de sostén dos fogares...

E mestér, pois, a vosa resolta intervención na vida pública. Mais non só d'un xeito político, que inda sendo iste d'importancia, hay outros de maior transcendenza e que ó longo derivaranse hacia él. E mestér que axuntesdes a vosa forza «inédita»,—cheia de senso práctica e de sentimentalidade—á forza un pouco enxoita xa dos homes. Chámavos o arte galego, a industria galega, a caridade galega, que algún día ficará á marcha pol-o trunfo da xusticia. Chámanvos con voz imperativa, que chega do fondo da raza, a doce poesía ategada de doór que sintiu por todas a santiaña meiga Rosalía. Que na nosa terra como en ningures da Iberia, poído a muller ter senso representativo universalista. No patriotismo e no valor, con María Pita; na cencia co-a Arenal, na literatura co-a de Castro, Pardo Bazán, Casanova e tantas outras; no altruismo con Teresa Herrera, coma «carne de mauser» en cen lugares diferentes, e coma artista espontánea na comarca bergantiñana e en moitas mais onde tece a cotío a tea d'araña d'uns encaixes velaiños e fermosos.

Pensando nas «viudas de vivos» e nas que poden ser axiña «viudas de cidadáns» n'istas horas de avalamento d'ideas e sentimentos, vosoutras, mulleres de Betanzos, imitando ás da Cruña e as d'outras vilas da terra—pol-as que o voso seso comenza a falar con voz europea,—tedes que empréstarnos a axuda precisa que no nome da civilización e do progreso, no nome do porvir dos vosos fillos, nos pidimos, cobizando como un tesouro fecundo o agarimo das vosas almas. Terá de ser de gloria para a vella e histórica Brigantium a data aquela na que vosoutras vñades cabo de nos dispostas a facer na nosa Irmandade unha seición feminina.

Pol-a Irmandade da Fala,

O Consello Direitivo.

NOTA.—As inscricións pódense faguer no local da Irmandade da Fala, a hora de 20 a 21. ou a un individuo do Consello Direitivo.

Imp. Villendes.

Fig. 17.- Proclama, "Ás mulleres brigantinas". Arquivo das Irmandades da Fala de Betanzos. AMB.

O 1 de Agosto de 1922, día de feira en Betanzos, aparece o 1º número de *Rexurdimento*, que vai ter dúas etapas ben diferenciadas:

Primeira etapa: ámbito local

Nesta primeira etapa van saír 6 números, quincenalmente, o 1 e o 16 de cada mes, coincidindo cos días de feira, de Agosto a Outubro de 1922. Na cabeceira dise ambiguamente "Orgao dos intereses mariñás", tentando ocultar vinculacións políticas ou ideolóxicas que estaban ben claras: a Irmandade da Fala estaba detrás do boletín, mellor dito a Delegación local da ING, coa nova restructuración das Irmandades.

Resulta sintomática esta indefinición da publicación cando, precisamente, un dos acordos de Monforte fora o de que cada Delegación da ING editase un boletín mensual con cabeceira e formato unificado. Quizais os de Betanzos, en vista da reticencia dalgúns irmáns da fala a integrarse na ING, optaron por unha publicación non partidaria e máis aberta, que poidese satisfacer a todos os galeguistas.

A publicación tiña domiciliada a redacción e administración no número 22 da Praza dos Irmáns García Naveira -que viña de rebautizarse-, onde estaba a sede social da Irmandade. O encargado da dirección é Salvador Mosteiro Pena, á sazón estudante de Medicina (46). Vendíase o exemplar solto a dez céntimos, mentres que a suscripción trimestral costaba 0,60 ptas para Betanzos e 0,90 fóra da localidade. Constaba a publicación de oito páxinas, cun formato de 32'5 por 22'5 cm. Páxina e media estaba enteiramente adicada a publicidade local. A impresión facíase no obradoiro de Manuel Villuendas, quen tamén se encargaba de imprimir *ANT* cando esta tiña problemas cos impresores habituais.

Rexurdimento xurde -ademais das motivacións xa comentadas-, como unha necesidade sentida por un fato de mozos -que non son "os millores, os feitos adrede para istes trafegos. Sô se nos pode dar o mérito de ser os primeiros."- de dar a coñecer e espallar na bisbarra as novas e o ideario do movemento nacionalista. Explicano no editorial do núm. 1:

"O rexurdimento literario galego distes derradeiros anos amostrase nas moitas publicacións que saen a poboar, con verdadeira ardencia, as vilas do chan noso (...) Non podía ficar Betanzos á derradeira do gran movemento espiritual de Galicia (...) máis seus fillos polo d'agora, non parecían ouvir o espertar da terra(...) As esperanzas d'ollar un xenio que nos guiase iban sendo vas, e, d'aquela, surxíu d'uns modestos idealistas a empresa de constituir un xornal ou boletín, qu'inda cativo, pol-o valer dos organizadores, fose grande pol-o corazón dos mesmos. Deste xeito, pensouse en eispoñer con sinxeleza e con cariño toda canta nova houbera encol do rexurdimento de Galiza para qu'os da comarca puideran ser decote enterados".

Nesta etapa a distribución da temática, nun cálculo proximado, era deste xeito: un 40% adicábase a temas culturais e literarios, o 30% a información e temas locais, o 20% a temas socio-políticos e o 10% restante ocupábo a publicidade.

Moitos dos artigos e informacións aparecen sin asinar, ou ben con iniciais. De Betanzos asinan Xosé Veiga Roel, Carlos Peña, Luis Cortiñas Díaz ("Lucordia"), Tomás López da Torre e Manoel Roel. A sinatura de Mosteiro non aparece pero debía ter parte en moitos artigos anónimos. Hai colaboracións de fóra de Betanzos: Ramón Cabanillas, os irmáns Villar Ponte, os coruñeses Víctor Casas e Leandro Carré, o ferrolán Xaime Quintanilla e os ilustradores e humoristas Alvaro Cebreiro e Xaime Prada.

Seccións case fixas eran as de noticias locais, de sociedade e deportes; a de libros e revistas, para comentar as novidades relacionadas co galeguismo; había unha gran preocupación por dar información de Portugal e polo proceso político que estaba a vivir Irlanda -"nacións irmás"-, seguindo a tónica de *ANT*, e que se traducía nas seccións "De Portugal" e "D'Irlanda". Por último, non faltaba unha curiosa sección de "Pasatempos" con anagramas inventados por Carlos Peña.

Dado que son poucos os números da revista a analizar e para unha mellor visión dos contidos, imos velos un por un:

(46) Tres anos despois, en 1925, Mosteiro anuncia en A Nosa Terra o seu consultorio de odontólogo na Coruña, Cantón Pequeno, Casa Pastor. Para unha aproximación a este personaxe véxase Gran Enciclopedia Gallega, t.21, pág.252; Carballo Calero: "Algunhas notas para lembranza de Salvador Mosteiro", en Grial, 80 (1983), recollido no volume Letras Galegas, 1984.

Señor Alcalde Presidente do
Concello Ayuntamiento de esta
ciudad.

O que suscribe, disponendo o sentir da
sociedade que representa, como presidente da Formosa
cidade da Galia, en nome da edil se dirixen á V.
forega á Corporación que vostede tan dinamicamente
preside que, crebando o benestar do pobo que repre-
sentan e da terra, Galicia, pida á autonomía
integral da rexión galega e somellanca do que
fixeron os ayuntamentos d' A Cruxa e Tetro
e coidamos farían-o todos os de Galicia.

A importancia da causa pol-a que voi-
tamos non é axitada esquivil-o etquí, pois
é tan outa que non adermite trabuco.

As diferentes nacionalidades de Iberia
non ser ceibes: Galicia non o será si os en-
carregados de cebala concordamos co
que nos dean os poderes centralistas como
testamos afeitos á faquelo.

Coido pois, que isa Corporación honrou-
do as orrelas de todo o pobo e de Galicia
atopará con fonda redicia os nosos
desexos.

Dezamos 20 de San Martiño do 1918

Xosé Pereira



Fig. 18.- Instancia solicitando do Concello a "autonomía integral". AMB.




Fig. 19.- Expte. solicitando ó Concello que poña a bandeira de Galicia xunto á "nacional".

Número 1. 1 de Agosto de 1922

Na portada, un editorial a maneira de presentación e un corto de Cabanillas "os irmáns de Betanzos". Xaime Quintanilla recibe con ledicia a aparición da revista e Ramón Villar Ponte divaga sobre o nacionalismo. Catorce noticias locais. "De Portugal" sobre o raid aéreo Lisboa-Río. Referencia ao pasado "Día de Galicia", pedindo colaboración ao pobo para o próximo. Xosé Veiga Roel fala dos termos "Nai e Patrea": "onde non hay libertade non hay patrea, onde non hay xusticia tampouco existe...". Programa das festas patronais de San Roque. "D'Irlanda" e a súa loita pola libertade. En "Libros e revistas" reseñas de *A Aurora de Lima* e *ANT*. E o anagrama final para descifra-lo "nome d'unha simpática señora da localidade".

Número 2. 16 de Agosto de 1922

En portada Ramón Cabanillas filosofa sobre "O suor do labrego" dende unha visión cristiana. Poema do portugués Antonio de Cértima e ledicia pola boa acollida da revista, "Ficamos ledos". Carlos Peña, perito agrícola, fala de "Alternativas de cosechas". "D'Irlanda" e a represión inglesa. Luis Cortiñas fala dos políticos galegos, "unha cousa funesta". O xovencísimo Cebreiro traduce baladas do francés Paul Fort. Trece "Novas Locais" e de Sociedade. Anúncianse melloras na revista. Víctor Casas, dende A Coruña, glosa a importancia da incorporación de Betanzos ao rexurdimento galeguista. Noticias das festas patronais que se están a celebrar. En "Libros e Revistas" reseñas das publicacións *Alborada*, *Céltiga*, *As Roladas* e o manifesto *¡Más Alá!* que viñan de sacar os mozos Manoel-Antonio e Cebreiro.

En "Pasatempos", anagrama e logogrifo número.

Número 3. 1 de Setembro de 1922

Na portada, "Nosas rúas" de Veiga Roel, con debuxo do mesmo. Manuel F. Barreiro fala de "Cousas humildes". Un anónimo chamamento á participación "ás mulleres brigantinas". "Nacionalismo", sen asinar: "naturalmente que o ideal nacionalista é revolucionario". Caricatura do poeta Teixeira de Pascoaes, por Cebreiro e poema do portugués adicado "aos jovens poetas galegos". Cortiñas ("Lucordia") critica os enfrontamentos de militares con civís en Lugo. Sete noticias locais. Poemas "D'un e d'outros tempos": Macías o namorado e Cabanillas. Exitos dos artistas betanceiros Veiga Roel, Crestar e Seixo Rubio en exposicións. Máis novas das festas. A loita pola independencia "D'Irlanda" (47).

Número 4. 16 de Setembro de 1922

Veiga Roel defende na portada a consecución da "Porta das Donceas" (chámalle así á da Ponte Nova), ameazada de derribo. "Non debemos esquerer á muller" insiste na participación feminina. Conto de Leandro Carré. Lembranza da morte do irmandiño Antón Fiaño no seu cuarto cabodano. Poema do Marqués de Figueroa. Ensaio de Johan Viqueira sobre a futura universidade galega, reproducido da revista *Nós*. Tres noticias locais e crónica de fútbol. O Centenario da Independencia do Brasil. Reseñas de *Nós*, *Cantares da Terra*, *A costureira*, *ANT* e *Gráfica* en "Libros e Revistas". Prólogo do folleto que vai publicar, sobre unha tradición local, o cronista "O Bachiller Hungarelo". Anagrama para descifrar o nome e apelido "d'unha fermosísima elegante forasteira".

Número 5. 1 de Outubro de 1922

Na portada, artigo de Antón Villar sobre sindicalismo e poema de Teixeira de Pascoaes. Chamada aos rapaces novos" por F.A. O xoven avogado betanceiro Tomás López da Torre escribe "Encol do nazionalismo", que é "a nova eispresión d'un estado de conciencia, de-

Pr'os irmaus de Betanzos

Nos queirdos irmaus: escribides coletivos amentes por non disporer de tempo pra faqnaes individualmentes, e ademais por que tiben a ledicia de ver o perfeto acordo e unidade d'animos qu'a outro Vales hai - refirme e dispoñe os que viu e coñece, naturalmentes.

P'ir meiro de nada, qu'irides espreir a unida que titude polas nos atencios, e tamén a seguransa de que no que vola a unida apuxada pra os seus traballos pola causa, podan en cal queira momento contar coa semper qu'eu poder, ou algun dos que coñece traballan n' d'eu.

Molto encarequei na Cruz que non abandonen sen non desparacen d'apodarar eu unque irante o xeneroso esforzo de todos... Mais des xa saben as ir circunstancias especiais polas que coñece que os agrupados que non estades n' el, mantestes antes nos un mais estreito acordo e unha comunicación constante. Qu'estades enterados de todos e que nos entendades por obrarmos no caso como un só home. Temos que ill dar a este forma política.

De que deqera a Cruz se vltare a escribides faqna delles unha petición, e sometides algunhas indicacions, por si as atoparan ben.

A unida conferencia publicavase en A NOSA TERRA e home servir de base pra un estudo mais extenso que de me servir ben, ha ser de moita utilidade.

Derxandades os meus desiros pra os traballos pola nosa tanta causa, saben e d'el del sempre verdadeiro amigo e irmau

Risco

Terra ceibe!

Fig. 20.- Carta de Risco, dende Castro Caldelas, en Setembro de 1921. Arquivo das Irmandades da Fala de Betanzos. AMB.

cote latente na i-alma galega, misto d'odio á casta dominadora e de forte desexo redentorista". Debuxo humorístico de Xaime Prada - que fora publicado meses antes en *ANT* - e poema de combate de Cabanillas. Algo de historia: o esmorecemento de Galicia cos Reis Católicos, por B.T. Víctor Casas escribe sobre "Catíveces". Crónica local de "foot-ball". Denuncia sobre "A persecución contra o xornal La Zarpa". Cebreiro caricaturiza a Antón Villar. "Foguetes. Os ivivas! dun vivo", poema festivo de Manoel Roel. Ledicia polas homenaxes que se están a facer en Galicia a artistas

(47) Tema este de moito interese e actualidade para o nacionalismo galego daqueles anos, que se ocupaba del nos seus órganos. Os nacionalistas da "Verde Eirín" estaban en plena loita contra o imperialismo inglés. Entre os papeis da Irmandade de Betanzos, conservados no Arquivo Municipal, hai algúns exemplares dun "Boletín Irlandés" que se imprimía en Madrid.

e escritores galegos. Crónica de Sociedade. Tres noticias locais (as festas dos Alborotados). Refrán do setembro. Diálogo satírico "Na rúa do Villar", por A.C.

Número 6. 16 de Outubro de 1922

Na portada, López da Torre continúa "Encol do Nazionalismo", "que une, en síntese perfeita, a mais pura tradición c'a poderosa forza renovadora da mente contemporánea". Lembranza de Xaquín López Pita ("Roldán-Paderne") no seu cuarto cabodano e reprodución dun seu texto en homenaxe. Relacións culturais Portugal-Galicia. Noticia local "d'arte". Conto do coruñés Leandro Carré. Outro pouco de historia: "Do espertar galego", por B.T. Noticia da Festa da Poesía Galega en Pontevedra. Crítica á Compañía de Ferrocarrís do Noroeste, recollida de *ANT*. Novas galegas. A morte do político galego Leonardo Rodríguez. Anúnciase unha reorganización da revista e a viaxe do seu director a Madrid para rematar os estudos. Crónica de fútbol. Noticias locais, de sociedade e das faenas da vendima. Reseñas de *ANT*, *Un ollo de vidro* e *Gráfica* en "Libros e Revistas". E o inevitable Anagrama, desta volta para descubrir o nome "d'unhas das rapazas máis simpáticas da localidade".

En todos os números os invariables anuncios do comercio local, e algún de fóra, que axudan a sosteer economicamente a publicación. Os comerciantes locais, algúns vencellados por parentela, amizade ou simpatía aos irmandiños, responderon en xeral positivamente.

Pouco sabemos da tirada e aceptación da revista. Calculamos que a tirada non pasaría dos catrocentos exemplares como moito, tendo en conta a tirada de publicacións similares na época. Aparte dos lectores de Betanzos (militantes, parentes, amigos, simpatizantes e anunciantes), pódese pensar que se vendería entre irmáns da Coruña (estaba á venda na rúa Real, na librería de Lino Pérez). Na Delegación da ING en Madrid tamén estaba á venda. Na vila veciña de Sada debía contar cos seus lectores, xa que logo existía un grupúsculo galeguista. O mesmo, aínda que en menor medida, ocorría en Pontedeume, Oza, Paderne e Bergondo.

Mais o feito de saír e venderse os días de feira en Betanzos, induce a pensar que buscaba lectores mariñáns que acudían de toda a bisbarra ás feiras da vila. O propio lema, "Orgao dos intereses mariñás", xa indica esta pretensión de chegar a toda a bisbarra, aínda que logo a información o contradiga: as noticias da bisbarra -exceptuando Betanzos- son escasísimas. *Rexurdimento* no núm. 2 fala da inesperada boa acollida do primeiro número entre os feirantes. Baixo o título "Ficamos ledos", dí: "Unha das ledicias meirandes da nosa vida tivemol-a d'esperimentar o derradeiro día de feira, ó ver entre tanta maó mariñán *Rexurdimento*". Tamén *ANT* facíase eco, con evidente esaxeración, da acollida do seu colega ao reseñar os números 5 e 6: "*Rexurdimento* vai camiño de conquistar longa vida, pois cada número que sal é acollido con máis intrés. En Betanzos non hai quen o non lea" (48). Curiosamente serían os derradeiros números desta etapa do boletín, pese ao medre da acollida, segundo *ANT*, que se lle dispensa. No núm. 6, derradeiro desta etapa, anúncianse importantes cambios na revista: "...aumentada notablemente en tamaño e número de follas así como mellorando na clás de papel en que impréntase, formato, traballos, etc.". Asimesmo déixase entrever a suspensión da publicación coincidindo coa viaxe a Madrid do seu director a rematar os estudos: "Como esta reorganización -de levarse a cabo- daríanos moito traballo e, ademáis, restaríanos tempo i-elementos, poidera moi ben suceder que suspendéramos a publicazón do noso boletín mentras durara o curto período de evolución". Os cambios non van ser os anunciados, senón outros ben diferentes, como imos ver.

Segunda etapa: ámbito galego

En Xaneiro de 1923 *Rexurdimento* reanuda a saída con cambios importantes. Perde totalmente o carácter local e pasa a ser órgano da ING -así o fai constar na cabeceira- administrado dende Betanzos. Faise máis elitista na selección das colaboracións. Serve, máis que nada, para publicar traballos dos persoeiros da ING. De Betanzos somentes escribe Lois Cortiñas, responsable da Delegación local. Risco controla totalmente o boletín -moi na súa liña de dirixir personalmente as empre-

(48) *ANT*, nº 172; 1-XI-1922.

sas nas que participa- e a maior parte dos editoriais e artigos desta época son obra súa.

A orientación e redacción do boletín decídense agora fóra de Betanzos, en Ourense probablemente, mais a administración e a impresión séguese a facer na capital das Mariñas, onde Paulino Naveira se encarga da administración e Manuel Villuendas da impresión. Isto pode ser debido a que se quere aproveitar a infraestrutura da primeira etapa. Ademais, están os motivos económicos: a publicidade local da primeira época séguese a manter agora, xunto con algúns anuncios -os menos- doutros puntos de Galicia. Estes parecen vir rebotados da revista *Nós*, se temos en conta un aviso que aparecía naquel órgano cultural do galeguismo, dirixido dende Ourense por Vicente Risco: "Os anunciantes de *Nós* terán dereito a un anuncio gratis no boletín Rexurdimento, órgano da ING, que s'espalla ás presas e gratuitamente por total-as sociedades e lugares públicos de Galiza e ond'haxa colonias galegas" (49). Deste xeito os comerciantes betanceiros, cos seus anuncios, axudan a financiar o boletín que agora repártese gratuitamente "a quen o solicite na terra ou fora d'ela".

Desta segunda época parece que saíron 8 números (segundo referencia de Justo G. Beramendi), co mesmo formato e número de páxinas da primeira. *Nós* coñecemos unicamente 7 números desta etapa, non constando a data nin o número en ningún deles -unicamente figura o mes nos de Xaneiro, Febreiro e Xullo-, somentes o ano (1923) e a alusión "2ª época". Tampouco están paxinados, aínda que continúa a ter as oito páxinas da primeira época, agás o número correspondente a Febreiro que safu con doce. Beramendi supón que saíron mensualmente, de Xaneiro a Xullo, aparecendo os dous primeiros no mes de Xaneiro -sendo o primeiro unha especie de núm. 0- aínda que o máis probable é que un dos presuntos números de Xaneiro corresponden ao mes de Agosto.

Anos despois, Lois Cortiñas aludía nun artigo á prohibición de publicar o boletín poucos días despois do golpe militar de Setembro e ata nova orde. De ser así, prevíase a súa continuación, o que pode indicar a existencia do

número do mes de Agosto. Sen embargo, o colaborador gráfico Alvaro Cebreiro nunha carta ao seu amigo o poeta rianxeiro Manoel-Antonio, en 1924, deixaba entrever o descoñecimento de problemas políticos e que a causa da desaparición do boletín era exclusivamente económica:

"... É vergoñoso que entre todos non teñamos forzas pra soste-lo un papelucho como era o Rexurdimento, creio custaba cada número umas cincoenta pesetas" (50).

Nesta etapa colaboran persoeiros da ING e da cultura galega como Vicente Risco -quen o fará arreo, ben asinando co seu nome ou con R.-, Quintanilla, os irmáns Villar Ponte, Victoriano Taibo, Máximo Ramos, Cabanillas, Paz Andrade, B. Calderón, C. Bermúdez Peña, R. Nóvoa Santos, Castelao, etc... Aparecen poemas de López Abente, Correa Calderón, Ribas Montenegro, Uxío Montes, Cabanillas, Cortón do Arroyo, Manoel-Antonio... Tamén Cebreiro segue a aportar as súas caricaturas. Os artigos nidamente políticos ("A Autonomía de Galicia", "O noso nacionalismo económico", "O paso de Lerroux por Galicia", "Galicia e o voto en Cortes"...) aparecen sen asinar, aínda que o estilo fai pensar na pluma de Risco.

A temática distribúese aproximadamente deste xeito: o 50% ocúpase de temas socio-culturais, o 40% de temas político-económicos, e o 10% restante adícase a publicidade. Suponse nesta etapa unha tirada algo maior que na anterior, posiblemente uns cincocentos exemplares. Neste intre é o único boletín político de certa categoría controlado polos homes da ING. Daí a importancia de *Rexurdimento* nesta etapa como aglutinador e órgano de difusión dos nacionalistas da ING.

A través da sección fixa "Movimento Nazionalista Galego" podemos coñecer a estrutura e as definicións políticas da ING, que "ten por fin a formación d'unha forte conciencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conqueirnos a autonomía integral de Galicia e o mais outo grado de progreso moral e material para Ela" así como a súa estrutura e organización. Todo o poder estaba centralizado na persoa do Conselleiro Supre-

(49) *Nós*, nº 15, 1-1-1923.

(50) Manoel-Antonio: *Correspondencia*. Vigo, Galaxia, 1979. Carta datada en xaneiro de 1924, pág 231.

REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Praza dos Irmãos García
Naveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL

ORGAO DOS INTERESES MARIÑÁS

PREZOS DE SUSCRICIÓN

Betanzos, trimestre . . . 0'80
Fora da localidade . . . 0'90
Recibir 0'10

ANO I.

Betanzos, 16 d'Agosto do 1922.

NÚM. 2

Fig. 21.- Cabeceira da primeira época de Rexurdimento.

mo -Vicente Risco-, asistido de catro Conelleiros e un Secretario Xeral. A comenzos de 1923 contaba con nove delegacións en Galicia e dúas no exterior. Noutras vilas existían algúns militantes espallados e estaban a traballar na organización de novas Delegacións en Muxía, A Estrada, Vilagarcía, Allariz, ... Na mesma sección fixa publicábase unha lista de localidades e persoas a quen dirixirse en solititude de información. Nela figuran, aparte de Paulino Naveira da delegación de Betanzos, outros dous betanceiros: Xosé Ares Miramontes, emigrado en Rosario de Santa Fé e Xaquín Peña, quen andaba a ampliar estudos en Liverpool.

O suplemento "Brigo"

Segundo Vales Villamarín (51) no número "que suponemos del 25 de julio" de 1923 *Rexurdimento* publicou encartado un "Suplemento adicado a Betanzos", elaborado pola Delegación betanceira da ING, co título de *Brigo*. Constaba de catro páxinas a dúas columnas, co mesmo formato que a publicación matriz e levaba data de Agosto de 1923, sen figurar o día nin precio algún. Incluía un artigo de Lois Cortiñas, responsable da delegación local. Vales di que se trata, "al parecer", do número un dos suplementos, mais non di que existiran máis que este ou que coñecera outros. Tamén afirma, -cousa extraña- que era bilingüe. Nembargantes, Miguez (52), estudoso da prensa betanceira, refírese á súa redacción enteiramente en galego. Tamén Brais da Bouza (53) afirma -trabucadamente, coida-

mos- que se ben ao principio apareceu como suplemento de *Rexurdimento*, logo xa o fará de forma independente como portavoz da xuventude nacionalista de Betanzos. Se nos atemos á prohibición ou suspensión que sufriu *Rexurdimento* coa chegada da Dictadura, non semella factible que os betanceiros poidesen seguir a publicar *Brigo* despois de Agosto, a menos que o fixeran en forma de folleto clandestino.

Nós personalmente, non poidemos ollar ningún exemplar desta publicación que non atopamos en ningunha hemeroteca. Tampouco atopamos referencia algunha na prensa da época, nin siquiera na nacionalista. Na colección de prensa local existente no Arquivo Municipal de Betanzos, procedente do legado de Vales Villamarín, e que consultamos para o noso traballo sobre a prensa betanceira, tampouco vimos ningún exemplar de *Brigo*. Seguimos, pois, aos autores citados que se refiren a *Brigo*, aínda que na miña opinión trataríase dun suplemento único, que saíría encartado nas páxinas centrais do número de Agosto, enteiramente en galego como a publicación matriz, e que só sería distribuído en Betanzos. Avalía esta última opinión o feito de que as coleccións de *Rexurdimento* que se atopan noutros lugares -como a da Fundación Penzol, de Vigo, e a particular de A.P.R. de A Coruña- non conteñen ese suplemento.

Segundo as referencias citadas, os mozos nacionalistas de *Brigo* fan un chamamento á xuventude, concebindo o nacionalismo con independencia da política -da política electoral e da dos partidos estatais, suponse- e resumen

(51) Vales Villamarín. Notas inéditas. AMB.

(52) Miguez, J.A.: Historia y vicisitud del periodismo brigantino. Betanzos, 1960.

(53) Brais da Bouza: Voz "Betanzos", en Gran Enciclopedia Gallega, t.3, pág.234.

REXURDIMENTO

2.^a ÉPOCA

ORGÃO DA
I. N. G.

1923

Fig. 22.- Cabeceira da segunda época de Rexurdimento.

o seu programa deste xeito tan ambiguo: "Non vos chamedes nada, non queirades ser nada, que aínda que non faledes de Galiza traballando e queréndoa seredes os cidadáns máis grandes dela".

A inactividade dos anos da dictadura

En Betanzos, a prohibición de publicar *Rexurdimento* e a imposibilidade de desenvolver calquera actividade pública, levará á total inactividade aos nacionalistas betanceiros. Con razón consideraba Lois Cortiñas nun artigo en *ANT*, ao facer balance en Xaneiro de 1931 do "derradeiro ano" do galeguismo betanceiro que este fora en realidade o de 1923, cando "a toque de corneta vímonos amenazados por un bando que nos incluía en delito na lei de xurisdicións a todol-os que fixeramos algunha manifestación de agarimo pol-a nosa terra... non dependía mais que da interpretación que lle quixera dar o gobernador ou seu delegado para nos levar a cadeia". Cortiñas resume, co sentimento magoado, o que significaron os sete anos longos da Dictadura para os nacionalistas betanceiros nesta extensa cita:

"Aos poucos días do golpe de estado chamoume o alcalde de Betanzos quen por certo era un médico que viñera facía poucos anos d'un povo d'outra provincia e tomou a este povo e seus habitantes por cousa distinta que lle merece; obli-goume a darlle o meu nome para me facer responsable do que oubera; pero como eso non era todo fói necesario ademáis que se nos prohibira a publicación d'ese xornal hasta nova orden, así

como toda manifestación de galeguismo: O local social da Irmandade tivo que pecha-las portas porque a tristura do noso corazón chegou o cúme cando tivo que baixar a bandeira azul e branca que lucía no balcón, e nin siquiera pódose votar sobre o léretro d'un irmán que nos deixaba a ialma chea de saudade" (54).

A desbandada nas filas nacionalistas non se fixo esperar. Unha organización ilegal, feble e aillada do povo non podía resistir. Na agarda de tempos máis propicios e coa obrigada falla de actividade o grupo desartéllase. A nova conxuntura política leva a cada un a posicionamentos distintos e, ademáis, prodúcese a morte do dirixente da Delegación local Paulino Naveira, en plena xuventude, e a baixa de Salvador Mosteiro, quen se instala na Coruña como odontólogo. Un membro da Irmandade local e un colaborador de *Rexurdimento*, do que non sabemos con certeza se era socio da Irmandade, aceptarían na Dictadura postos de concelleiros no goberno municipal. Trátase de Anxel Ramos Lacaba e do avogado Tomás López da Torre, respectivamente. Por certo que este último, quen foi Alcalde de Betanzos na curta etapa da Frente Popular e fusilado en 1936, ingresaría no Partido Socialista coa chegada da República e parece ser que aquela colaboración coa Dictadura supúxoille a relegación durante un tempo nas filas socialistas, cousa un pouco chocante se temos en conta que destacados dirixentes do socialismo español colaboraron abertamente coa Dictadura e non por iso se cuestionou a súa xefatura nos comezos da República.

(54) Cortiñas, L.: "O ano derradeiro en Betanzos", en *A Nosa Terra*, n.º 279; 1-I-1931. O Alcalde citado era o médico José Calviño Salazar, nomeado polo delegado gubernamental a raíz do golpe de estado.

A efímera reorganización

Coa caída de Primo de Rivera e unha maior tolerancia do réxime, iníciáanse os movementos dos galeguistas para reorganizarse e revitalizar as Irmandades, tentando reunificar as dúas tendencias nacionalistas diverxentes.

O 27 de Abril de 1930 celébrase na Coruña a VI Asemblea Nazionalista na que se ratifica o Programa inicial da Asemblea de Lugo. De Betanzos asisten Lois Cortiñas e Xosé Vía Golpe, quen se debía atopar nese intre de viaxe en Galicia, pois tiña emigrado anos antes a Buenos Aires, a onde voltaría de novo. Curiosamente, neste intre preside a Irmandade da Coruña -única que permaneceu con tal nome durante a Dictadura- o betanceiro Salvador Mosteiro, quen fora director do primeiro *Rexurdimento* e que dende uns anos atrás exercía a súa profesión de odontólogo na Coruña.

Nembargantes, este intento unificador non chegou a ter virtualidade efectiva ao terse producido unhas semanas antes o chamado Pacto de Lestrove entre a ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) e a Alianza Republicana que situaba aos nacionalistas integrados ou comprometidos con ORGA -unha boa parte dos da Irmandade coruñesa- nunha liña incompatible coa existencia das Irmandades da Fala, por máis que algúns mantiveran a dobre militancia.

A pesar desta diverxencia, no verán de 1930 asístese a intentos de organizar ou resucitar agrupacións nacionalistas locais sen que se chegue a unha organización común, máis con relación entre elas. Algunhas destas agrupacións locais (Betanzos, Ribadeo, Viveiro...) manterán o nome de Irmandade da Fala, mentres outras adoptan nomes variados como Grupo Autonomista (Vigo) ou Partido Nazionalista Republicán (Ourense). O boletín *ANT* -que agora e durante algún tempo imprimírase no obradoiro betanceiro de Manuel Villuendas- volve a ser o órgano para todos os galeguistas. Celébrase de novo o 25 de Xullo como Día de Galicia e os símbolos prohibidos durante a Dictadura (bandeira e himno galego) saen de novo á luz. Estes movementos de reorganización vívense en tódolos grupos políticos de Galicia, especialmente entre os republicanos.

Os galeguistas betanceiros recuperan o nome anterior á escisión do 22. O peso da

reorganización da Irmandade recae agora en Lois Cortiñas. En Xullo de 1930 espallan un *Manifesto* entre a poboación, invitando á colaboración e axuda á Irmandade local, sen que por iso se faga -curiosamente- fincapé na integración. O *Manifesto*, que asina Cortiñas como 1º Conselleiro interino e seguramente como responsable da redacción, é dabondo ambiguo, respondendo quizais á situación do galeguismo, e fai referencia aos acordos da Asemblea coruñesa do 27 de Abril: a potenciación das Irmandades da Fala e demais "irmandades galeguistas", o recoñecimento da Irmandade coruñesa como unha especie de dirección sobre as outras, a contribución co 75% das cuotas de socios á Irmandade coruñesa para axuda da publicación de *ANT*. Semeilla que o *Manifesto* dirxíxese aos vellos socios e simpatizantes máis que a captar novas adhesións. Nesta campaña de reorganización, o 25 de Xullo de 1930, que as Irmandades voltan celebrar como Día de Galicia, ten lugar un mitin na Casa do Pobo de Betanzos no que falan Cortiñas e os enviados da Coruña, Víctor Casas, Peña Novo e Lugo Freire diante dunha concurrencia de máis de duascenas persoas, segundo *ANT* (nº 275, 1-X-30) quen comenta a posibilidade de crear un forte grupo nacionalista na vila mariñá.

Ao socaire da nova situación política, durante as festas patronais de San Roque dese mesmo ano ten lugar un acto galeguista, cuase con carácter oficial. Izase a bandeira galega na Casa do Concello ao son do himno galego, interpretado pola Banda Municipal e os famosos gaiteros de Soutelo e coreado pola Coral "De Ruada" de Ourense. Acompaña-se o acto cos discursos do recién reposto Alcalde Adolfo Sánchez Díaz e dos escritores galeguistas Eladio Rodríguez, presidente da Academia Galega, e Lugo Freire. Este acontecemento estaba previsto realizalo o Día de Galicia mais pospúxose para esta ocasión coa disculpa de "lle dar máis solemnidade coincidindo c'as súas festas de San Roque" (55).

O acto, que *ANT* resumía como "unha festa orgaizada e preparada por elementos oficiais do goberno hespañol, que resultou pol-a inxerencia dos elementos nazionalistas galegos, un acto digno de recordanza e de sere imitado" foi moi louvado polo órgano nacionalis-

(55) *ANT*, nº 275; 1-IX-1930.

PAQUETERÍA, QUINCALLA EL GATO NEGRO

— PRECIO FIXO —

Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetos d'adorno e fantasía.
Louza e bateiría de cociña.
Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices.
Venda eicrusiva da KROMINA.
Venda eicrusiva dos cementos marca «ANCORA»
dos fillos de Rezoila de San Sebastián.
Materiás de construción.

RUATRAVESA. 35 E 37. TELÉFONO. 15
BETANZOS

Antigua casa establecida no ano 1879.



ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.
A que máis barato vende.
Compre vostede ali.

JOSE IGLESIAS MASDIAS
MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

FERRERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.
Non merquedes denantes de visitar esta casa.
Ferreiros, 19.—BETANZOS.

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas
(SUCESOR DE JOHAN LOPES)
Praza d'Arines.—BETANZOS

É a millor, máis céntrica i-económica da cidade. Vi-
sítana os señores viaxeiros e convenceráanse.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecemento de
PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

R. MONTES
Ruatravesá, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS
PRECIOS FIXOS

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacés de tecidos e mobles
Sánchez Bregua, 2 e 13
Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla
Plaza d'Arines, 32.

— BANCA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

FARMACIA E LABORATORIO DOCTOR COUCEIRO

Plateiros, 8 (Frente á Ruatravesía)
BETANZOS

JOSE FERREIRA

MENDES NÚÑES, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros.— Paquetería e
Quincalla.— Gran surtido en paraugas.— Por fin de
temporada sáidause etaminas, crespós, sedas e toda
crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratísimos.

TECIDOS, PANOS, NOVEDAS

MANOLO LOUSA DÍAZ
8, CONSTITUCIÓN, 8

Compreto surtido en panas pra traxes, panas, lás,
estameñas, xéneros brancos, mantós, merinos crespós,
chales, colchas, cortes pra colchós, paraugas, etc.
É a casa que máis barato vende.

8, CONSTITUCIÓN, 8
TECIDOS, PANOS, NOVEDAS

GRAN CASA PRA VIAXEIROS

— DE —
JOSÉ BARREIRO REY
Monxas, 4-A. Teléfono n.º 44
BETANZOS

CONFITERÍA

— DE —
Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO
Dulces finos

Fanse toda crás d'encárgos.

Imprenta de M. Villuendas, Valdancel, 50

Fig. 23.- Páxina de publicidade no número 1 de Rexurdimento.

ta, incluído o axcitado discurso do Alcalde, "que prodríamos apraudir cumplidamente sinon fora dito en castelán e sinon se lle esca-para algunha verba como a de 'patria chica', etc." (56).

En Setembro de 1930, *ANT* informa de te-rensse producido "vintetantas altas" na Irmandade betanceira, lista que fará pública no número de Outubro. Veláí a relación: Anxel Ramos Lacaba, Xosé Babío Teixeira, Agustín Novo Maceiras, Lois Cortiñas, os irmáns Carlos e Xaquín Peña Rodríguez, Manuel Bec-caría Loureda, Lois Couceiro Núñez, Fernan-do Fiaño Miravalles, Alvaro Rey, Manuel Roel Longueira, Carlos Martínez Alvarez, Víctor Montoto Arias, Manuel Navcira, Xulio Sánchez, Ricardo Bonome, Constantino Fernández López, Xavier Teixeira Bugallo, Xosé Vázquez e Xosé Veiga Roel. Xa se ve que as "vintetantas altas" non son tal, pois só figuran vinte persoas e, desta vintena de no-mes, alomenos os nove primeiros xa eran mi-litantes nos anos anteriores á Dictadura.

Mais esta reorganización da Irmandade vai ser efímera e de escasa ou nula efectividade. Coa chegada da II República e a reorientación política que provoca en organizacións e individuos a nova situación, a Irmandade es-morece. Algúns afiliáanse á ORGA, en vista da indefinición das Irmandades en canto a réxime de goberno, e outros posiciónanse con par-tidos ou tendencias moi pouco ou nada gale-guistas, deixando á Irmandade sen base social.

A evolución política posterior deste grupo durante os anos republicanos é certamente in-dicativo da súa heteroxeneidade: Un fato de-les ingresarán na ORGA (Cortiñas, Montoto, Bonome e Veiga Roel); Carlos Peña será se-cretario local da Unión Regional de Derechas, que confluirá na CEDA; Roel manterá a súa posición galeguista; Martínez Alvarez inte-grouse no Partido Comunista, segundo temos oído. Os máis alonxaríanse de toda actividade política aínda que tiveron as súas simpatías cara determinadas tendencias, moitas veces ben distantes do ideario nacionalista. Deste grupo de irmandiños, dous chegarían a ser Al-caldes de Betanzos en circunstancias ben des-emellantes: O médico Víctor Montoto será o primeiro Alcalde da II República ata a súa morte en 1932, apoiado pola coalición

republicano-agrario socialista. Por outra par-te, Manuel Beccaría Loureda será Alcalde Franquista nos anos corenta.

Á Asemblea de Pontevedra celebrada en Decembro de 1931, e na que se vai acordar a creación do Partido Galeguista e a integración nel de tódalas Irmandades e diferentes grupos nacionalistas, aínda vai asistir Lois Cortiñas, oficialmente en representación da Irmandade de Betanzos, por máis que esta xa case non existía como tal e o seu representante xa vivía daquela na Coruña. Meses antes Cortiñas asis-tira tamén en representación da Irmandade de Betanzos á Asemblea Pro-Estatuto, cele-brada na Coruña o 5 de Xuño de 1931.

En Bergondo constituírase unha delega-ción do Partido Galeguista rematado o ano 1935. Outro grupo galeguista crearase tamén en Miño. Existían intentos de creación dou-tros na Irixoa, Oza dos Ríos e Paderne. En Be-tanzos, con toda a tradición das Irmandades e os diferentes intentos dende o nacemento mesmo do Partido Galeguista, por parte dalgúns que se mantiveron fieis á liña que este representaba, a constitución dun grupo orga-nizado deste partido non callou.

III. A XEITO DE CONCLUSION

Entre os anos 1917 e 1930 -coa paréntese obrigada de case sete anos de Dictadura- o movemento das Irmandades da Fala conse-guíu atraer para o galeguismo e o nacionalis-mo un bo fato de mozos betanceiros da pe-queña burguesía local, preocupados pola reivindicación do feito diferencial de Galicia.

Os froitos máis xurdidos desa actividade re-colléronse na orde cultural (Xogos Florais de 1918, creación dun Coro e dun Cadro de De-clamación, difusión da lingua e do teatro gale-go, publicación de *Rexurdimento*,...) e na difu-sión do sentimento galeguista entre a poboación (valorización da lingua e da cultura propia, difusión dos símbolos da nación: ban-deira, himno, Día de Galicia...), obrigando in-cluso a posicionamentos do goberno munici-pal favorables a algunhas desas reivindicacións (petición ao goberno central de Autonomía Integral para Galicia, cooficialidade da ban-deira galega no Concello,...) e contribuíndo á creación de conciencia cidadana e democráti-

(56) Véxase nota anterior.

Manifesto

Galego irmán querido: Agora que, inda paseniamente, parece que imos a un restablecemento da normalidade, e preténdese impoñer o dereito por riba da forza mirando aos dereitos sagrados que a ley fundamental do Estado Español decrara, agora é agora de voltar ao espallamento do noso ideal, o ideal nobre e santo que todo bon galego cobiza no seu corazón, cal é, o engrandecemento da nosa terra.

Nas demais rexións da España—prefeitas nacionalidás—orgoñanse con mais forza que nunca pra nos decir que dentro da península ibérica hay un gran sentimento de agarimo pol-a terra de cada ún, e necesita de leis descentralizadoras que resolan de cada unha autonomamente os seus problemas propios.

Esta mesma idea reconéceña todol-os partidos políticos e o mesmo monárquicos que republicans arránxana pra os seus programas. O mesmo actual goberno de S. M. non quere dar a espalda a realidade e comenza reconéccendonos persoalidá ao derogar aquel real decreto do 18 de Setembro do 1923 pol-o que se volve así a autorizar o emprego dos idiomas e o uso da Bandeira rexional.

¿Non temos nos que decir que en Galicia se sinte en galego? Si se sinte nas Américas, si se sinte fóra da nosa terra, ou nós somos unhos desleigados, ou temos que manifestar ese sentimento.

Por todo esto o 27 do pasado mes de Abril, celebrouse na Cruña unha asamblea co-as representacións de todas-as irmandades e demais simpatizantes da sagrada causa, na que, servindo de xurdiá compenetración de ideas, abriu-meior o camiño fai tantos anos comenzado.

Cecáis esté vostede xa enterado d'esta asamblea, mais creemos necesario lembrarlle aquí os principais acordos n'ela tomados.

Primeiro e principalmente acordouse dar forza as Irmandades da fala—e as demais irmandades galeguistas—que comprenden nos seus programas todas-as actividades: cultura galega (cultivo do idioma, literatura, arte, música, etc...); estudos sociais e d'economía; seición agraria; seición política; e todo o demais que a Galicia afecte. Para a mellor orgaización e armonía reconéceuse á Cruña unha especie de dirección de todas-as Irmandades galeguistas en cuya cibdá existirá un directorio; pero en cada cibdá, vila ou pobo gobernaranse autónomamente as suas Irmandades que tamén poden constituire delegazós. Cada membro contribuirá na sua Irmandade c'a cuota que poida, debendo non ser inferior a duas pesetas mensúas, e todas enviarán a da Cruña un 75 % pra mayor axuda da dirección e publicación da revista «A Nosa Terra» que recibirá todo asociado.

Tamén se acordou pra o mellor desenrolo da aptuación política simpatizar con un partido autonomista galego, de tendencia republicana e agrario. Mais esto non quere decir que a política deixe de ser soasmentes unha seición das actividades que esta Irmandade ha conquistar, nin que esa política deixe de ser tan amplia que excluya calquera idea que sexa esencialmente galeguista.

Aquí está en duas verbas todo o que pol-o momento se lle pode decir.

Irmán, Betanceiro, Mariñán: Non se necesita facer moita memoria para lembrarse da hestoria da nosa organización que deu froitos tan xurdios e que a partir do ano 1918 conquiriu espallar con fis tan nobres o seu ideal por toda esta bisbarra mariñán formando masas corales, certames literarios, conferencias, mitins, e constituindo unha Irmandade cuya bandeira conserva.

Non deixe querido irmán de sentirse galego, e sendo de Betanzos volva coa sua colaboración ou axuda o espallamento do ideal santo que nos ha de redimir. Por vostede agardamos.

Pol-a irmandade de Betanzos,
o primeiro conselleiro interino,

Lois Cortiñas

Día do Sant-Iago de 1930.

Praza dos Irmãos Clavela Naveira, 4,

Con este manifesto espállase un regramento d'esta antigua irmandade.

Fig. 24.- Manifesto de 1930, asinado por Lois Cortiñas.

ca (campañas anticaciquís na bisbarra, unida-
de de acción coas forzas progresistas e obrei-
ras fronte a acordos do goberno municipal le-
sivos para os intereses comunais,...).

Mais toda esa actividade sementada en Be-
tanzos ao longo dese período non acadou, por
diversas razóns, unha lóxica continuidade or-
ganizada nos anos da II República, etapa -en
xeral- moito máis favorable para o medre e

asentamento das reivindicacións galeguistas,
plasmadas en parte coa elaboración e plebis-
citación do Estatuto de Autonomía de Galicia
que a guerra civil impediría desenvolver. ♦

APÉNDICE

<u>Cargos</u>	<u>CONSELLOS DIRECTIVOS, 1918-1920</u>		
	<u>Outubro 1918</u>	<u>Abril 1919</u>	<u>Novembro 1920</u>
Conselleiro 1º	Xosé Ferreira	Anxel Ramos	Anxel Ramos
Conselleiro 2º	Anxel Ramos	Xosé Ferreira	Salvador Mosteiro
Secretario	Xosé Vía Golpe	Lois Ares Castro	Lois Ares Castro
Vicesecretario	Manuel Crestar	Paulino Naveira	Xaquín Peña
Tesoureiro	Manuel Lousa	Antón García Méndez	Xosé Ferreira
Contador	Lois Ares Castro	Xosé Vía Golpe	Xesús S ^{chz} . Candal
Bibliotecario	X. Babío Teijeiro	Xaime Costas	Farruco da Torre
Vocal 1º	Alfredo Curiel	M. Roel Vidal	B. Muíño Novo
Vocal 2º	M. Gómez Casal	E. Fariñas Souto	Xosé Ramos
Vocal 3º	Salvador Mosteiro	Agustín Novo	Agustín Novo
Vocal 4º	Agustín Novo	Xosé Ramos	X. García Vázquez
Vocal 5º	A. Rey Teijeiro	X. Babío Teijeiro	M. Gómez Gestal

SOCIOS DA IRMANDADE EN XULLO DE 1920

"Lista de Srs. Socios que compoñen a Irmandade da Fala de Betanzos

Cota de 1 pta.

1. Eduardo González García

Cota de 0,50 pts.

2. Lois Ares Castro
3. Xosé Ares Castro
4. Segundo Ares
5. Xosé Babío Teijeiro
6. Manoel Beccaría
7. Farruco Barreiro
8. Xaime Costas
9. Lois Couceiro
10. Xosé Ferreira
11. Benito Muíño
12. Anxel Ramos
13. Alfonso Rey
14. Miguel Sanmartín
15. Xosé Vázquez Crespo

16. Fernando Fiaño (menor sin dereitos)
17. Farruco d'a Torre
18. Constantino Rábade
19. Paulino A. Naveira
20. Agustín Novo Maceiras
21. Xosé Mauri
22. Agustín Núñez Díaz
23. Xosé Crestar Díaz
24. Gumersindo Teijeiro
25. Xoán Lago
26. Farruco Teijeiro
27. Cidre Otero Pombar
28. Xosé Ramos Lacaba
29. Manoel Villuendas
30. Xoán Deive Pena
31. Manoel Roel
32. Xosé García Vázquez
33. Alfonso Martínez
34. Manoel Crestar Díaz
35. Rafael Rey
36. Antonio García Amor
37. Manoel Muñoz
38. Xesús Sánchez Candal
39. Manoel González Gestal
40. Xaquín Peña

- 41. Carlos Peña
- 42. Salvador Mosteiro
- 43. Lois Cortiñas
- 44. Xosé López Purriños
- 45. Xesús Paradela
- 46. Xosé Barreiro Rey

En Betanzos a 6 de Santiago de 1920."

OUTROS SOCIOS COÑECIDOS ANTERIORES A 1920

- Ares Miramontes, Xosé (emigra a Arxentina en 1919)
- Curiel, Alfredo
- Fariñas Souto, Emilio
- Fiaño Miravalles, Antón (+ 1918)
- García Méndez, Antón
- Gómez Casal, Manuel
- López Pita, Xaquín "Roldán Paderne" (+ 1918)
- Lousa Díaz, Manuel
- Vales Villamarín, Francisco (causa baixa en 1918)
- Vía Golpe, Xosé (emigra a Arxentina en 1920)

ALTAS DE SOCIOS QUE FIGURAN NA DOCUMENTACION INTERNA.(1918-19)

18 Novembro 1918

- Eusebio Tenreiro Miravalles
- Carlos Couceiro

Decembro 1918

- Xosé Crestar Díaz
- Baixa: Farruco Lizarriturri (*)

20 Xaneiro 1919

- Gumersindo Teijeiro
- Xoán Lago
- Manuel González Gestal
- Lois González Vico
- Xosé M. Rosende
- Farruco Teixeira Granja
- Xosé Teijo
- Xesús Cachaza
- Xesús Fernández Pousada
- F. García

- Pedro Navaza
- Emilio Fariñas Souto
- Xosé López

27 Xaneiro 1919

- Xosé Varela
- Isidro Otero Pombar
- Vicente García

3 Febreiro 1919

- Xosé Ramos Lacaba

10 Febreiro 1919

- Lois Montero
- Farruco Datorre
- Paulino Naveira
- Antón García Méndez
- Xaime Costas Peláez
- Xaquín Peña
- Xesús Sánchez Candal
- Benito Muíño Novo
- Xosé García Vázquez

* As baixas voluntarias non se rexistran no libro, só como excepción figura a expulsión "por faltas ó noso ideal"- de F.Lizarriturri.

SOCIOS DA IRMANDADE DA FALA DE BETANZOS EN SETEMBRO DE 1930

- Babío Teixeira, Xosé
- Beccaría Loureda, Manuel
- Bonome, Ricardo
- Cortiñas Díaz, Lois
- Couceiro Núñez, Lois
- Fernández López, Constantino
- Fiaño Miravalles, Fernando
- Martínez Alvarez, Carlos
- Montoto Arias, Víctor
- Naveira, Manuel
- Novo Maceiras, Agustín
- Peña Rodríguez, Carlos
- Peña Rodríguez, Xaquín
- Ramos Lacaba, Anxel
- Rey, Alvaro
- Roel Longueira, Manuel
- Sánchez, Xulio
- Teixeiro Bugallo, Xavier
- Vázquez, Xosé
- Veiga Roel, Xosé

